d) Resumo e síntese dos contidos da unidade.

* TIPOS DE AGRUPAMENTOS
As diversas formas de agrupamento que se utilizarán, divídense en tres tipos:
- Gran grupo.
- Equipos de traballo cooperativo.
- Traballo individual.

* CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS
Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lectura voluntaria de distintos libros relacionados coa materia, así como coa lecturas de artigos xornalísticos e textos do libro do alumno/a.

Así mesmo, contribuirase ao Plan TICs coa proxección de vídeos, traballos na aula de informática, clases expositivas empregando presentacións dixitais, avaliacións interactivas e kahoots.
A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Fichas de actividades de consolidación
Fichas de actividades de reforzo
Fichas de actividades de ampliación
Caderno do alumno/a
Portfolio : Realizado polo alumnado trimestralmente donde gardará e clasificará todos os ducumentos que se lle iran entregando e aqueles que o propio aulumnado irá xeneraldo.
Dotación da aula : encerado dixital, tradicional, pupitres e sillas
Laboratorio : instrumentación e materiais propios de laboratorio escolar .

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo en parellas ou grupal.

O espazo empregado para as clases prácticas será o laboratorio de ciencias, dotado do instrumental e materiais presentes de xeito habitual nun laboratorio escolar.

No que se refire ás ferramentas que centrarán o traballo do alumnado na aula, as principais serán o libro de texto recomendado polo Departamento de Bioloxía e Xeoloxía do centro e o caderno, recurso indispensable que será solicitado periodicamente para a súa avaliación.

No portfolio o alumnado gardará e clasificará trimestralmente non só todos aqueles documentos impresos que lle sexan entregados ao longo do curso, senón tamén os xerados por eles mesmos. Entre os recursos impresos mencionados destacan as fichas de comprensión lectora, os guións de prácticas, as fichas de actividades de consolidación e as actividades de reforzo e de ampliación específicas para cada alumno.
Os criterios de selección dos materiais docentes curriculares que adopten os equipos docentes axústanse a un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás propostas xerais de intervención educativa e ao modelo antes proposto. De tal modo, establécense oito criterios ou directrices xerais que axudan a avaliar a pertinencia da selección:
1. Adecuación ao contexto educativo do centro.
2. Correspondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados da programación.
3. Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos, presenza dos diferentes tipos de contido e inclusión de temas transversais.
4. Acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade á lóxica interna de cada materia.
5. Adecuación aos criterios de avaliación do centro.
6. Variedade das actividades, diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
7. Claridade e amenidade gráfica e expositiva.
8. Existencia doutros recursos que facilitan a tarefa educativa.

Entre os recursos didácticos, o profesor poderá utilizar os seguintes:

- Diferentes obxectos para clasificar, como botóns, material de laboratorio, etc.
- Claves dicotómicas.
- Diferentes animais invertebrados (mexillóns, vermes da seda¿) e vertebrados, así como partes deles, como plumas, ósos, exoesqueletos de sepia, cunchas, distintos exemplares de vexetais, froitos, sementes e follas¿
- Fotografías ou debuxos de vexetais, de adaptacións de animais ao seu medio, de organismos unicelulares e

pluricelulares, de células animais e vexetais, de virus¿
- Guías de campo para identificar especies de vertebrados, de herbas, de arbustos, de plantas sen flores e de fungos.
- Mapa da diversidade animal do libro do alumno.
- Terrario para criar miñocas ou acuario para a cría de invertebrados acuáticos.
- Lupa binocular.
- Preparacións citolóxicas e histolóxicas de animais e vexetais, fungos e fermentos para observar ao microscopio.
- Colección de fósiles, de minerais, de rochas¿
- Guías visuais de fósiles.
- Gnomon.
- Representacións a escala do sistema solar.
- Globo terráqueo.
- Material para escala de Mohs incompleta: martelo, navalla, ácido clorhídrico diluído e imán.
- Aparatos de medida: balanza, metro, probeta, termómetro e cronómetro.
- Produtos químicos: auga, alcohol, aceite, leite, diversos elementos e compostos.
- Materiais para calcular ou demostrar propiedades: bólas de madeira, cortiza, ferro, cristal, zume de laranxa, plastilina, escarvadentes, aceite, chocolate, tesoira, cartolina, metro¿
- Material de laboratorio como: vasos de precipitados, dispositivo de destilación, embude de decantación, tubos de ensaio, quentador Bunsen, microscopio óptico, portaobxectos, cubreobxectos¿
- Libros de apoio do departamento de Bioloxía e xeoloxía.
- Uso do contorno Celme dixital para a interacción profesor-alumno de maneira individualizada.
- Debate, como ferramenta que estimula o seu interese e capacidade de reflexionar, relacións, consolidar coñecementos, recapitular, ordenar, respectar opinións, e sacar conclusións.
- Bibliografía de consulta na aula e na biblioteca escolar.
- Uso habitual das TIC. Entre outras, recomendamos os seguintes enderezos web:

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias e contidos básicos. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como o seu coñecemento das destrezas da materia así como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	**UD 1**	**UD 2**	**UD 3**	**UD 4**	**UD 5**	**UD 6**	**UD 7**	**UD 8**	**UD 9**	**UD 10**
Peso UD/ Tipo Ins.	**8**	**8**	**9**	**9**	**8**	**9**	**8**	**9**	**8**	**8**
Proba escrita	60	60	55	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	45	40	40	40	40	40	40	40

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**8**	**8**	**100**
Proba escrita	60	60	**60**
Táboa de indicadores	40	40	**40**

Criterios de cualificación:

Ao final de cada unidade didáctica realizarase unha proba escrita cos contidos específicos asociados aos criterios de avaliación.En cada unha das tres avaliacións, realizarase unha media aritmética das notas das probas escritas. Esta media, representará o 60% da nota da avaliación.
O outro 40%, vén definido polos criterios de avaliación pertencentes ao Bloque 1 que se recollen nas táboas de indicadores. Estes criterios de avaliación, estarán asociados a distintas rúbricas e listas de cotexo que se analizarán en distintos procedementos de avaliación ao longo de todas as unidades:
- Prácticas de laboratorio
- Traballos cooperativos
- Traballos individuais
- Caderno de aula
- Proxecto científico
- Fichas de actividades de consolidación
- Fichas de actividades de reforzo
- Fichas de actividades de ampliación

Polo tanto, os pesos para o cálculo da nota final en cada avaliación estarán representados por:
60% probas escritas
40% táboas de indicadores
A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.
Entre outros instrumentos de avaliación convén citar os seguintes:
¿ Exploración inicial
Para coñecer o punto de partida, resulta de grande interese realizar unha sondaxe previa entre os alumnos. Este procedemento servirá ao profesor para comprobar os coñecementos previos sobre o tema e establecer estratexias de afondamento; e para o alumno, para informalo sobre o seu grao de coñecemento de partida. Pode facerse mediante unha breve enquisa oral ou escrita, a través dunha ficha de Avaliación Inicial.
¿ Caderno do profesor
É unha ferramenta crucial no proceso de avaliación. Debe constar de fichas de seguimento personalizado, onde se anoten todos os elementos que se deben ter en conta: asistencia, rendemento en tarefas propostas, participación, conduta, resultados das probas e traballos, etc.
Para completar o caderno do profesor será necesaria unha observación sistemática e análise de tarefas:
¿ Caderno da clase, no que o alumno anota os datos das explicacións, as actividades e exercicios propostos. Nel consignaranse os traballos escritos, desenvolvidos individual ou colectivamente na aula ou fóra dela, que os alumnos deban realizar a petición do profesor. O uso da correcta expresión escrita será obxecto permanente de avaliación en toda clase de actividades realizadas polo alumno.

¿ Análise das producións dos alumnos
¿ Monografías.
¿ Resumos.
¿ Traballos de aplicación e síntese.
¿ Textos escritos.

¿ Intercambios orais cos alumnos
¿ Diálogos.
¿ Debates.
¿ Postas en común.
¿ Probas obxectivas

Deben ser o máis variadas posibles, para que teñan unha maior fiabilidade. Poden ser orais ou escritas e, á súa vez, de varios tipos:

¿ De información: con elas pódese medir a aprendizaxe de conceptos, a memorización de datos importantes, etc.
¿ De elaboración: avalían a capacidade do alumno para estruturar con coherencia a información, establecer interrelacións entre factores diversos, argumentar loxicamente, etc. Estas tarefas competenciais perseguen a realización dun produto final significativo e próximo ao contorno cotián.
¿ De investigación: aprendizaxes baseadas en problemas (ABP).
¿ Traballos individuais ou colectivos sobre un tema calquera.

¿ Fichas de observación de actitudes do grupo-clase.

¿ Rúbricas de avaliación:
¿ Rúbricas para a avaliación: de cada unidade didáctica, da tarefa competencial, do traballo realizado nos ABP e de comprensión lectora.
¿ Rúbricas para a autoavaliación do alumno: da tarefa competencial, de traballo en equipo, de exposición oral e de comprensión lectora.
¿ Fichas-rexistro para a valoración da expresión oral e escrita.

¿ Caderno do alumno: recolleremos información tamén de forma puntual do caderno para valorar distintas actividades, así como a organización e limpeza deste.

Criterios de recuperación:

Cando un alumno/a non supere unha avaliación, realizaráselle unha proba escrita baseada nos criterios mínimos de aceptación das unidades asociadas a esa avaliación. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

Cando un alumno/a teña dúas ou tres avaliacións suspensas, terá a oportunidade de facer unha proba extraordinaria baseada criterios mínimos de aceptación das unidades correspondentes. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao tratarse este curso do primeiro da correspondente etapa educativa, non se pode dar o caso de que o alumnado deba recuperar materia algunha pendente do curso anterior. O que si pode ocorrer é que o alumno ou alumna teña promocionado dende o último curso de Educación Primaria sen ter superado a correspondente materia de Ciencias da Natureza. De suceder isto, realizarase un seguimento individualizado do alumno ou alumna a fin de considerar a necesidade de establecer o preceptivo reforzo educativo dirixido a garantir que no seu caso o proceso de ensino non se vexa afectado por este feito.

Para os alumnos/as que se atopen cursando 2º da ESO coa materia suspensa tomaranse as medidas acordadas no Departamento de Bioloxía e Xeoloxía, en concordancia coas directrices que marque o programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes.
Respecto a aqueles alumnos que teñan a materia do curso anterior non superada non establécense as seguintes medidas:

¿ Elaborarase un plan individualizado e personalizado de recuperación da materia pendente por trimestre. Os estudantes que cumplan os obxectivos marcados superarán a materia pendente.
¿ Os alumnos que non cumpran satisfactoriamente os obxectivos trimestrais marcados terán a posibilidade de facer unha proba escrita de mínimos no mes de maio nas datas propostas dende a Xefatura de Estudos.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.
As medidas que se levan a cabo son:
Ordinarias:
Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementosde avaliación.
Reforzo educativo e apoio con profesorado con dispoñibilidade horaria.
Actividades de reforzo: O alumnado con máis dificultades de aprendizaxe traballará sobre contidos mínimos das unidades didácticas para acadar or obxectivos mínimos. Teranse sempre en conta os protocolos establecidos pola Xunta de Galicia para o alumnado de necesidades específicas de apoio educativo.
Apoios en lingua castelá e matemáticas.
Exención de francés: aquel alumnado con dificultades nas linguas que está exento de francés reforza a lingua galega.
Empregoؿdas TIC.

As seguintes medidas non se poden levar a cabo na actualidade debido a situación do COVID-19 pero de non ser así levaríamolas a cabo:

Traballoؿcooperativo. Contribúe ao desenvolvemento de habilidades comunicativas, traballo en grupo e flexivilidade de pensamento.
Titoría entre iguais.
Aprendizaxe por proxectos.
Traballo en equipo. Favorece o desenvolvemento de habilidades sociais e a inclusión.

Extraordinarias:
Adaptacións curriculares significativas.
Atención educativa ao alumnado, que por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo.

Con aqueles alumnos e alumnas que presenten unha situación de desventaxe académica a causa dunha enfermidade de larga duración ou de períodos de hospitalización continuos, tomaranse as medidas máis axeitadas para cada caso adaptándose en todo momento á situación e respectando os tempos que veñan dados polas secuelas da enfermidade.

Os métodos de avaliación terán en conta a diversidade de necesidades do alumnado presente na aula.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo: - Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. - Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia. - Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Coa finalidade de mellorar a comunicación lingüística realizaremos análise de textos científicos relacionados coa materia, utilizaremos en determinadas sesións vocabulario científico básico en inglés e utilizaremos a presentación oral de contidos como técnica de presentación de resultados. Serán utilizadas diferentes técnicas de presentación de contidos e procedementos como mapas conceptuais, liñas temporais, infografías e outras alternativas que ofrecen diferentes aplicacións informáticas. Realizaremos operacións de cálculo numérico, representacións de datos e interpretación de resultados. En todo momento o ambiente de aula, entre os propios alumnos e entre o profesor e os alumnos, pretende promover o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita á Cidade da Cultura.	Actividade extraescolar relacionada con varias unidades didácticas e coa competencia dixital. A actividade era sobre a CIBERSEGURIDADE na rede.			
Visita ao Museo de Historia Natural	Actividade cuxo obxectivo principal desta visita será a observación de rochas e minerais, así como dos diferentes grupos de seres vivos alí expostos nos seus ecosistemas.			
Concurso de fotografía da natureza	Esta actividade busca espertar no alumnado o interese pola observación da natureza e o seu coidado.			

Observacións:
A primeira actividade está programada para a primeira avaliación.
A segunda actividade está programada para a segunda avaliación.
A terceira actividade está programada para a terceira avaliación.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Participación activa de todo o alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado

Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE na elaboración de probas escritas
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Combinación do traballo individual co traballo cooperativo
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto.
O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados

1. Plans de seguemento da materia pendente para o seguinte curso (23-24)

Respecto a aqueles alumnos que teñan a materia do curso anterior non superada estableceranse as seguintes medidas: ¿ Elaborarase un plan individualizado e personalizado de recuperación da materia pendente por trimestre. Os estudantes que cumplan os obxectivos marcados superarán a materia pendente. ¿ Os alumnos que non cumpran satisfactoriamente os obxectivos trimestrais marcados terán a posibilidade de facer unha proba escrita de mínimos no mes de maio nas datas propostas dende a Xefatura de Estudos. ¿ A proba escrita da convocatoria de xuño, recollerá os contidos do curso anterior e serán similares ás do curso ordinario sendo cualificadas seguindo os mesmos criterios.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004514	CPR Plurilingüe La Inmaculada	Marín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación física	1º ESO	2	70

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 4

3.1. Relación de unidades didácticas 5

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 7

4.1. Concrecións metodolóxicas 25

4.2. Materiais e recursos didácticos 28

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 28

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 29

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 30

6. Medidas de atención á diversidade 30

7.1. Concreción dos elementos transversais 31

7.2. Actividades complementarias 32

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 33

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 34

9. Outros apartados 34

1. Introdución

O presente documento contempla a programación para 1º Educación Secundaria Obrigatoria do departamento de Educación Física do Colexio La Inmaculada de Marín.
Está plantexada para que sexa un documento de traballo, e ao mesmo tempo sexa tamén unha referencia para o profesorado do departamento, ademais de selo para o alumnado, marcándose para este último, por un lado as normas de funcionamento nas clases de E.F. e por outro expoñendo de forma sinxela os criterios de cualificación así como os contidos mínimos para cada unha das avaliacións.
No concernente o alumnado temos que a Educación Secundaria Obrigatoria conta no colexio con dúas liñas educativas denominadas A e B. Cada clase ten dúas sesións semanais de Educación Física con unha duración de 50 minutos cada unha.
O centro conta como instalacións deportivas cunha pista polideportiva exterior polivalente con posibilidade de realizar balonmán, fútbol sala, baloncesto, voleibol, etc. e cun ximnasio de 20x8 metros interior compartido con primaria e infantil polo que non sempre podemos dispoñer del.
CONTEXTUALIZACIÓN 1º ESO-A
A presente programación está dirixida ao alumnado de 1º ESO-A. Atopámonos nun aula de 23 alumnos, dos cales catarce son mulleres e nove son homes.
A lingua predominante do alumnado é o castelá.
En canto o análise dos resultados do curso anterior todos promocionaron acadando os obxectivos excepto dous nenos e unha nena que non acadaron os obxectivos da lingua estranxeira, inglés e un neno e unha nena que non acadaron os obxectivos en ciencias sociais.
Hai dúas rapazas e dous rapaces exentos da segunda lingua estranxeira, francés.
O profesorado que imparte docencia neste curso é:
Dpto. de ciencias: José M. Rivadulla Pereira e José Blanco Barros.
Dpto. de linguas: Begoña Diz Magariños, Mª del Carmen Fernández Villar, Ana I. González Entenza e Mª Reyes Rosales Aldao.
Dpto. artística: Ana Mª Acuña, Elena F. Sobral e Javier Medrano.
Dpto. relixión: Roberto Briz.
Outros aspectos relevantes:
Deste alumnado cinco precisan reforzo educativo no seu proceso de aprendizaxe por circunstancias diversas: un rapaz con trastorno do espectro autista (TEA) e trastorno específico da linguaxe (TEL), unha rapaza e un rapaz cond dificultades de aprendizaxe nas linguas, unha rapaza con dificultades de comprensión e razonamento e procesamento lento.
Hai un alumno con situación familiar desfavorecida e unha alumna en acollida, tamén por situación familiar desfavorecida.
CONTEXTUALIZACIÓN 1º ESO-B
A presente programación está dirixida ao alumnado de 1º ESO-B. Atopámonos nun aula de 24 alumnos, dos cales catorce son mulleres e dez son homes.
A lingua predominante do alumnado é o castelá.
En canto o análise dos resultados do curso anterior todos promocionaron acadando os obxectivos excepto tres rapazas e un rapaz que non acadaron os obxectivos de ciencias sociais e un rapaz que non acadou os obxectivos de lingua galega.
Hai unha rapaza e tres rapaces exentos da segunda lingua estranxeira, francés.
O profesorado que imparte docencia neste curso é:
Dpto. de ciencias: José M. Rivadulla Pereira e Narciso Valle Campos.
Dpto. de linguas: Begoña Diz Magariños, Mª del Carmen Fernández Villar, Ana I. González Entenza e Mª Reyes Rosales Aldao.
Dpto. artística: Ana Mª Acuña, Elena F. Sobral e Javier Medrano.
Dpto. relixión: Roberto Briz.
Outros aspectos relevantes:
Deste alumnado cinco precisan reforzo educativo no seu proceso de aprendizaxe por circunstancias diversas: dous rapaces con trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), un rapaz con dificultades de aprendizaxe nas linguas, unha rapaza con trastorno por déficit de atención (TDA) e dislexia.
Hai unha alumna con dislexia e discalculia que necesita seguir o protocolo da Xunta.
Hai unha alumna no plan de alerta escolar por diabetes.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, seleccionando e incorporando intencionalmente actividades físicas e deportivas nas rutinas diarias, a partir dunha análise crítica dos modelos corporais e do rexeitamento das prácticas que carezan de base científica para facer un uso saudable e autónomo do seu tempo libre e así mellorar a calidade de vida.	3		2-5	4	2-4			
OBX2 - Adaptar, con progresiva autonomía na súa execución, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións con dificultade variable, para resolver situacións de carácter motor vinculadas con distintas actividades físicas funcionais, deportivas, expresivas e recreativas e para consolidar actitudes de superación, crecemento e resiliencia ao enfrontarse a desafíos físicos.					4-5		2-3	
OBX3 - Compartir espazos de práctica físico-deportiva con independencia das diferenzas culturais, sociais, de xénero e de habilidade, priorizando o respecto entre os participantes e as regras sobre os resultados, adoptando unha actitude crítica ante comportamentos antideportivos ou contrarios á convivencia e desenvolvendo procesos de autorregulación emocional que canalicen o fracaso e o éxito nestas situacións, para contribuír con progresiva autonomía ao entendemento social e ao compromiso ético nos diferentes espazos nos que se participa.	5	3			1-3-5	3		
OBX4 - Practicar, analizar e valorar distintas manifestacións da cultura motriz aproveitando as posibilidades e recursos expresivos que ofrecen o corpo e o movemento, profundando nas consecuencias do deporte como fenómeno social e analizando criticamente as súas manifestacións desde a perspectiva de xénero e desde os intereses económico-políticos que o rodean, para alcanzar unha visión máis realista, contextualizada e xusta da motricidade no marco das sociedades actuais.		3				2-3		1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Adoptar un estilo de vida sostible e ecosocialmente responsable aplicando medidas de seguridade individuais e colectivas na práctica físico-deportiva segundo a contorna e desenvolvendo colaborativa e cooperativamente accións de servizo á comunidade vinculadas á actividade física e ao deporte, para contribuír activamente á conservación do medio natural e urbano.			5			4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	PRESENTAMONOS	Unidade didáctica para presentar a materia e favorecer o coñecemento entre o alumnado do grupo de clase: - Contido da programación didáctica e criterios de cualificación. - Normas de clase e aspectos de obrigado cumprimento (indumentaria, pautas de hixiene, etc...) - Coñecemento das instalacións e dos materiais e normas de seguridade e prevención de accidentes.	2	1	X		
2	O QUECEMENTO	Unidade didáctica para tratar contidos relativos fundamentalmente ao Bloque 1 (Vida activa e saudable) e así dar a coñecer e poñer en práctica unhas bases da estrutura da sesión de clase.	10	6	X		
3	CONEZO O MEU CORPO	Esta U.D. trátase dunha unidade disciplinar monotemática baseada nos aspectos condicionais da capacidade motriz. Tratase duns contidos básicos na nosa área de cara a lograr un desenvolvemento motriz elemental sobre o que asentar as futuras actuacións polo que nos centraremos en dúas das cualidades físicas básicas (Resistencia e Velocidade), e no quecemento como medio básico iniciador e propedéutico de calquera actividade física e no calculo da FC (ou outros-reloxos dixitais, etc...) como medio de control do adestramento e da intensidade do esforzo.	15	10	X		
4	DEPORTIVES ALTERNATIVOS. O PATINAXE	Unidade para tratar a través do deporte alternativo contidos fundamentais da	15	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	DEPORTIVES ALTERNATIVOS. O PATINAXE	materia. A Través das actividades con patíns traballaremos novas coordinacións e coñeceremos novos deportes como os deportes de patíns, arraigados na vida cotiá actual da xuventude.	15	10			X
5	XOGOS POPULARES	Unidade para tratar a través do xogo contidos fundamentais da materia. Aproveitaremos para tocar aspectos de autoconstrucción de materiais e así relacionar esta dinámica con contidos de consumo responsable. O xogo tamén entendido como medio de transmisión cultural e de valores tradicionais e propios de Galiza e outras rexións ou países.	8	4		X	X
6	XIMNASIA	Unidade para iniciar ao alumnado nun deporte individual no que a resolución de problemas en situacións motrices e o establecemento de retos individuais e colectivos cobrarán protagonismo.	15	9		X	
7	EXPRESIÓN CORPORAL. INICIACIÓN AO AERÓBIC	O aeróbic como actividade xogada e medio de expresión corporal. Emprego dos recursos expresivos do corpo e do movemento para comunicar sensacións, ideas, estados de animo...	10	8		X	
8	DEPORTES DE EQUIPO: INICIACIÓN AO VOLEIBOL E O BÁDMINTON	Unidade para iniciar ao alumnado no voleibol e no bádminton. O deporte colectivo como medio para traballar a resolución de problemas e a interacción social en situacións motrices.	15	14	X	X	
9	COÑECEMENTO DO ENTORNO. SENDEIRISMO	Exploración e coñecemento da contorna próxima como alternativa sostible para a práctica da actividade física. Actividades no medio natural e urbano, normas viarias, o uso da bicicleta., etc...	7	5			X
10	PAS	Pautas básicas de primeiros auxilios. O contido principal desta unidade didáctica é a prevención de accidentes deportivos e os primeiros auxilios. Estes contidos son de vital importancia na sociedade en xeral e na práctica de actividad físico-deportiva en particular, no so por coñecer e detectar cales son os accidentes máis comúns no noso campo, senón tamén por saber actuar de forma correcta ante un accidente (PAS).	3	3		X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	PRESENTAMONOS	1

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2.1. - Comezar a incorporar con progresiva autonomía procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Comezar a incorporar procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	TI	100
CA1.3 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adoptar de maneira responsable medidas xerais para a prevención de lesións antes da actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente		
CA2.2 - Actuar de acordo cos protocolos de intervención ante accidentes derivados da práctica de actividade física aplicando medidas básicas de primeiros auxilios.	Actuar de acordo cos protocolos de intervención ante accidentes derivados da práctica de actividade físicas		
CA2.5 - Coñecer e aplicar normas de seguridade individuais e colectivas na práctica de actividades motrices.	Coñecer e aplicar normas de seguridade individuais na práctica de actividades motrices.		
CA6.2 - Recoñecer e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos incívicos teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto na contorna e evitando activamente a súa reprodución.	Recoñecer a incidencia que algunhas prácticas teñen na nosa saúde evitando activamente a súa reprodución.		
CA1.2 - Comezar a incorporar con progresiva autonomía procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Saúde física: - Coidado do corpo: quecemento xeral e específico autónomo. - A hixiene como elemento imprescindible na práctica da actividade física e deportiva. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: calzado deportivo e ergonomía. - Medidas de seguridade en actividades físicas dentro e fóra do centro escolar.

Contidos
- Respecto ás normas viarias en desprazamentos activos cotiáns para unha mobilidade segura, saudable e sostible. - O uso da bicicleta como medio de transporte habitual. - Consumo responsable no ámbito da actividade físico-deportiva.

UD	Título da UD	Duración
2	O QUECEMENTO	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2.1. - Comezar a incorporar con progresiva autonomía procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Comezar a incorporar procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	TI	100
CA1.3 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adoptar de maneira responsable medidas xerais para a prevención de lesións antes da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.		
CA1.4 - Recoñecer e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos sociais teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto e evitando activamente a súa reprodución.	Recoñecer a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos sociais teñen na nosa saúde, evitando activamente a súa reprodución.		
CA2.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adoptar de maneira responsable medidas xerais para a prevención de lesións durante a práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.		
CA6.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adoptar de maneira responsable medidas xerais para a prevención de lesións despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.		
CA6.2 - Recoñecer e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos incívicos teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto na contorna e evitando activamente a súa reprodución.	Recoñecer a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos incívicos teñen na nosa saúde valorando o seu impacto na contorna e evitando activamente a súa reprodución.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comezar a incorporar con progresiva autonomía procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Saúde física:
  - Educación postural: técnicas básicas de descarga postural e relaxación.
  - Musculatura lumbo-pélvica e a súa relación co mantemento da postura.
  - Coidado do corpo: quecemento xeral e específico autónomo.
  - Pautas para tratar a dor muscular de orixe retardada.
  - A hixiene como elemento imprescindible na práctica da actividade física e deportiva.
- Saúde social:
- Saúde mental:
  - A actividade física como fonte de gozo, liberación de tensións, cohesión social e superación persoal.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: calzado deportivo e ergonomía.
- Consumo responsable no ámbito da actividade físico-deportiva.
- Practica de actividades físico-deportivas nas distintas contornas, coidando destas, como servizo á comunidade.

UD	Título da UD	Duración
3	CONEZO O MEU CORPO	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Establecer secuencias sinxelas de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, a partir dunha valoración do nivel inicial e respectando a propia realidade e identidade corporal.	Establecer secuencias sinxelas de actividade física orientada ao estilo de vida activo, a partir dunha valoración do nivel inicial.	TI	100
CA1.2.1. - Comezar a incorporar con progresiva autonomía procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Comezar a incorporar procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adoptar de maneira responsable medidas xerais para a prevención de lesións antes e durante da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco..		
CA1.4 - Recoñecer e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos sociais teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto e evitando activamente a súa reprodución.	Recoñecer e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos sociais teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto e evitando activamente a súa reprodución.		
CA1.5 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial para o seu uso no ámbito da actividade física.		
CA1.6 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Facer das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.		
CA2.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adoptar de maneira responsable medidas xerais para a prevención de lesións antes e durante da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco.		
CA3.1 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial para o seu uso no ámbito da actividade física.		
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual,, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo		
CA4.3 - Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade ou os comportamentos sexistas vinculados ás devanditas manifestacións.	Analizar as diferentes actividades segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade ou os comportamentos sexistas vinculados ás mesmas		
CA1.2 - Comezar a incorporar con progresiva autonomía procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Saúde física: - Taxa mínima de actividade física diaria e semanal, adaptando a intensidade da tarefa ás características persoais. - Alimentación saudable. - Coidado do corpo: quecemento xeral e específico autónomo. - Pautas para tratar a dor muscular de orixe retardada. - A hixiene como elemento imprescindible na práctica da actividade física e deportiva. - Saúde social: - Efectos sobre a saúde de malos hábitos vinculados a comportamentos sociais. - Saúde mental: - Aceptación de limitacións e posibilidades de mellora ante as situacións motrices. - A actividade física como fonte de gozo, liberación de tensións, cohesión social e superación persoal. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: calzado deportivo e ergonomía. - Capacidades condicionais: desenvolvemento das capacidades físicas básicas. - Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións. - Estratexias de autorregulación colectiva do esforzo e a capacidade de superación para afrontar desafíos en situacións motrices. - Perseveranza e tolerancia á frustración en contextos físico-deportivos.

UD	Título da UD	Duración
4	DEPORTIVES ALTERNATIVOS. O PATINAXE	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2.1. - Comezar a incorporar con progresiva autonomía procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Comezar a incorporar procesos de alimentación saudable e hixiene despois da práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	TI	100
CA2.4 - Xestionar a preparación e a participación en xogos motores e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia coma con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes, evolución e influencia nas sociedades contemporáneas.	Xestionar a participación en xogos motores e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia coma con outras,.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo.		
CA3.3 - Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices, á actuación da compañeira ou do compañeiro e da persoa opoñente (se a houbese) e á lóxica interna en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	Interpretar contextos motrices variados e actuar aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados a partir da lóxica interna en contextos reais.		
CA3.4 - Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con progresiva autonomía.	Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices.		
CA4.1 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións,, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir diferentes roles.		
CA4.2 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Facer uso das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.		
CA4.3 - Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade ou os comportamentos sexistas vinculados ás devanditas manifestacións.	Analizar obxectivamente as diferentes actividades segundo as súas características evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade ou os comportamentos sexistas.		
CA5.1 - Participar en xogos motores, deportes e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia coma con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes, evolución e influencia nas sociedades contemporáneas.	Participar en xogos motores vinculadas tanto coa cultura propia coma con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes.		
CA6.3 - Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres ou acuáticos, gozando de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir e sendo conscientes da súa pegada ecolóxica.	Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres , gozando de maneira sostible, e minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
Mobiliario axeitado para un taller de arte escolar: vertedoiro con billa, mesas cómodas, andeis para gardar traballos e materiais, espazos para expoñer obras e comentar, vertedoiro con auga, espazo ou moble de secado, etc.
Ordenador con conexión a internet e proxector con pantalla.
Aula de informática do centro.
Plataforma de ensino virtual, preferentemente, a aula virtual do centro.
Materiais pictóricos fuxíbeis: carbón, lapis conté, sanguina, pintura acrílica ou témpera das cores primarias, branca e negra.
Materiais para estampar.
Materiais para modelado.
Libros de arte, tanto de temas técnicos, como catálogos de artistas, movementos artísticos, etc.
Páxinas web de museos, salas de exposicións, blogs de arte, etc.

A materia impartirase nunha aula taller con espazos diferenciados, na que se poden realizar tanto traballos prácticos, atender ás explicacións do profesorado, como compartir información co resto do alumnado, traballar en equipo, etc.

O alumnado deberá aportar material propio, aínda que na aula poderá estar dispoñible algúns deste material para uso do alumnado, de ser necesario:

- Papel para debuxo e técnicas húmidas.
- Lapis de diferentes durezas e goma branda.

- Tesoiras.
- Lapis de cores.
- Ceras brandas.
- Rotuladores.
- Pinceis planos e redondos nº 12
- Regra, escadra e cartabón.
- Compás.

Incentivarase no alumnado o uso de materiais reutilizados e de refugallo: distintos tipos de papeis usados, materiais procedentes do uso cotiá, etc. Poderán ser aportados polo alumnado, así como contar con eles na aula.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

1. PROPÓSITO DA AVALIACIÓN INICIAL:

Para comezar, é importante definir que é o que se quere conseguir por medio da avaliación inicial. Canto máis concreta sexa esta definición, máis útil será para unha toma de decisións axustada.

Debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e do alumnado que o integra e servir como punto de partida para a contextualización do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula,... así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

A segunda fase da avaliación inicial, coincidinte coa de calquera proceso de avaliación, é a recollida de información. Tratarase de manter o equilibrio entre recoller todos aqueles datos que sexan precisos para o que se quere facer e centrarse só naqueles que sexan útiles para a decisión a tomar.

Os aspectos sobre os que recoller información serán:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades...
- Características do alumno/a: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe...
- Entorno: contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes...), contexto familiar, contexto social.

O formato de recollida de información pode ir desde elaboración de cuestionarios como tarefas na Aula Virtual do centro, cuestionarios en papel, ata conversas informais, debates, etc. Tratarase de levar a cabo entre a primeira e a segunda semana do curso.

A reunión de avaliación inicial co equipo docente e o Departamento de Orientación, así como a información aportada polo titor do grupo, axudará a completar a información recollida e poñela en común.

3. TOMA DE DECISIÓNS:

Unha vez analizada toda a información, tomaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar adaptacións curriculares e reforzos nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, distribuir o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribución das unidades didácticas, organización da avaliación...

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**7**	**7**	**10**	**12**	**20**	**8**	**6**	**15**	**15**	**100**
Proba escrita	30	0	0	0	50	50	0	0	0	**16**
Táboa de indicadores	70	100	100	100	50	50	100	100	100	**84**

Criterios de cualificación:

CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:
O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades da materia establecerase do seguinte xeito:
a) Mediante entregas de traballos teóricos e prácticos, dos que o alumnado coñecerá os indicadores de logro. A nota deste apartado será a media aritmética de todos os traballos, valorándose cun 0 os non presentados. Peso porcentual na nota de cada avaliación: 60%
b) A través de probas teórico-prácticas, nas unidades didácticas que así o requiran. Peso porcentual na nota de cada avaliación: 30%
c) Taller de investigación e creación (Búsqueda de materiais, o seu emprego e manipulación.) (Búsqueda de información, tratamento, presentación, observación e proceso creativo): 10%
É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato, técnicas, materiais, etc., e que os traballos sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta na avaliación.
Os indicadores de logro corresponderanse cos criterios de avaliación e se poden aplicar en forma de rúbricas, listas de cotexo, escalas de valoración, ou outros instrumentos. Un exemplo dalgúns que se poden empregar na meirande parte das unidades didácticas sería o seguinte:
- Aplica correctamente as técnicas empregadas en función da mensaxe proposta, manexando os materiais e instrumentos necesarios de forma axeitada.
- Aplica correctamente os elementos formais (composición, cor, textura, forma...).
- É quen de expresar con corrección os conceptos sobre os que se traballa e o proceso seguido na realización da práctica.
- Acaba e presenta correctamente o traballo, tendo en conta a limpeza, claridade e orde.
- Adecúase ás instrucións e condicións postas polo profesor e sigue un proceso de traballo correcto.
- Nos traballos realizados en grupo, leva a cabo as tarefas asignadas e a súa participación é respectuosa.
- Entrega as tarefas en prazo.

CUALIFICACIÓN FINAL:
A cualificación final de xuño calcúlase realizando a media das cualificación trimestrais obtidas polo estudante. Neste cálculo teranse en conta:
As notas obtidas en cada unha das tres avaliacións trimestrais sexa superior ou igual a 5 farase a media aritmética destas obtendo por redondeo a nota da avaliación final de Xuño.
- 1ª avaliación: 33,3%
- 2ª avaliación: 33,3%
- 3ª avaliación: 33,3%

Criterios de recuperación:

RECUPERACIÓN AO LONGO DO CURSO:
O ideal para que o alumnado poida ir superando as dificultades en canto son detectadas, é que reincida sobre os obxectivos non acadados, por medio da reelaboración de traballos. Así, para poder recuperar as notas das avaliacións non superadas, o alumnado poderá repetir os traballos con notas inferiores a 5 e os non entregados. Para o cálculo da media, a nota dos traballos repetidos substituirá á dos anteriores.

Ditas entregas faranse de xeito periódico, en cada trimestre, nas datas indicadas polo profesorado.
RECUPERACIÓN FINAL:
O alumnado avaliado negativamente tras a terceira avaliación poderá presentarse, además das tarefas de recuperación que se consideren pertinentes, a unha proba para conseguir aprobar a materia na avaliación final que terá lugar nos últimos días do mes de xuño.
Esta avaliación final axustarase aos contidos non acadados durante o curso e ás propostas de actividades de recuperación entregadas.
Para a súa avaliación teranse en conta a presentación dos traballos propostos para o reforzo da materia, así como as probas escritas dos contidos nos que o alumnado non conseguiu unha cualificación de aprobado

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

SEGUIMENTO PERIÓDICO:
O alumnado con esta materia pendente poderá recuperala seguindo un plan de reforzo ao que o alumnado terá acceso, preferiblemente, a través da aula virtual do centro. Tendo en conta as necesidades do alumnado, os materiais dixitais poden ser complementados cun caderno de actividades en formato físico.
O profesorado poderá realizar un seguimento continuo do plan e do alumnado a través da aula virtual, ou mediante reunións presenciais.
A avaliación levarase a cabo nas datas indicadas e feitas públicas desde o centro, a través de entregas de traballos que serán recollidos de xeito físico ou a través da aula virtual. É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato (caderno, carpeta, traballos soltos, dixital...) técnicas, materiais, etc., e que sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro.
A nota final consistirá na media das 3 entregas ou avaliacións, requiridas para superar a materia:
- 1ª entrega: 33,3%
- 2ª entrega: 33,3%
- 3ª entrega: 33,3%

PROBA FINAL:
De non superar a materia a través das entregas periódicas, o alumnado poderá presentarse a unha proba final, además das tarefas de recuperación que se consideren pertinentes.

6. Medidas de atención á diversidade

Partimos da idea do principio de individualización do ensino e de que a aula é un conxunto de diversidades. Deberemos ser flexibles á hora de adaptar a nosa programación, especialmente a metodoloxía, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñezamos as características das persoas coas que imos traballar.

A nosa materia é especialmente agradecida neste sentido, polas súas características intrínsecas e pola multitude de solucións que poden resultar de cada proposta.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.

Debemos partir dunha detallada avaliación inicial para coñecer ao noso alumnado. Cada curso podemos enfrontarnos ao reto de ter alumnado con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas patoloxías. Tamén atoparemos alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado,

as medidas de atención á diversidade centraranse en:

MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS: supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.

- En caso de que un alumno ou alumna non acade os obxectivos mínimos, trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.

- Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.

- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a auto estima.

- Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.

- En caso de alumnos con necesidades educativas específicas de apoio educativo, seguindo as indicacións do Departemento de Orientación, realizaremos as adaptacións curriculares oportunas, os reforzos educativos necesarios e estableceremos os recursos de apoio que o favorezan.

- O alumnado con discapacidade que poidan ser escolarizado disporán da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.

- Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio, favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.

- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo así como flexibilizar o período de permanencia na etapa.

MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:

- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.

- Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

- Se a dispoñibilidade horaria permitise agrupamentos flexibles, sería moi favorecedor para á atención á diversidade e a elaboración de traballos con procesos técnicos máis complicados, de ser necesario pola natureza do grupo.

- Dispoñemos de plans de acollida ao alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardiamente ó sistema educativo e presente graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución. O alumnado que se escolarice tardiamente ao noso sistema e presente un desfase curricular de máis de dous cursos incorporaranse nun curso inferior ao que lle corresponde por idade.

- Non podemos esquecer a importancia da acción titorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X						X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X			X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	X		X	X				
ET.11 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión de lectura.	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X
ET.4 - Competencia dixital.	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X

	UD 9
ET.8 - Igualdade de xénero.	X
ET.9 - Creatividade.	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	
ET.11 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.	X
ET.12 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X

Observacións:
Segundo se recolle no decreto que regula a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria, os elementos transversais deberán tratarse en todas as materias do curso. Recollemos neste listado todos os que son obrigatorios e tamén os que consideramos importantes para a materia e a formación do noso alumnado.

Deberemos telos en conta á hora de seleccionar os mateirais cos que se traballará, sexa en formato texto, imaxes ou contidos audiovisuais. Tamén no deseño das actividades que o alumnado porá en práctica, na organización dos equipos de traballo, na orientación dos debates que xurdan, etc.

Algunhas concrecións dos elementos transversais citados son as seguintes:

- Na educación para a igualdade de xénero, evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

- En canto ao emprendemento social e empresarial e á creatividade, trataremos de afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

- Na cooperación entre iguais e a prevención e resolución de conflitos, fomentaranse os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e polo Estado de dereito, e o rexeitamento da violencia terrorista ou calquera outro tipo de violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a espazos expositivos, virtuais ou presenciais da contorna.	Visitas guiadas a exposicións en museos, galerías, salas de exposicións, etc., con eventos temporais ou permanentes			
Charlas informativas relacionadas con distintos intereses para o noso alumnado.	Charlas impartidas por todo tipo de profesionais relacionados coa materia.			
Participación en distintos premios e concursos vinculados á nosa área.	Concursos dentro e fóra do centro que lles axudan a aprender a presentar un proxecto e os animan a polos en práctica eles mesmos no futuro.			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Realización de proxectos do Departamento e interdisciplinares.	Participar nas propostas dos equipos de Normalización, Biblioteca, Actividades Extraescolares ou outros. O noso alumnado pode participar en propostas creativas como a revista do instituto, murais, a árbore de Nadal, o acto de graduación de fin de curso, Entroido, iniciativas como a arquitectura pedagóxica ou calquer proposta que poda enriquecer ó noso alumnado, xa parta do noso departamento ou doutros.			

Observacións:
Tratarase de planificar as actividades complementarias do departamento antes do inicio do curso, na medida do posible. Non sempre pode ser xa que hai eventos que son ofertados ao longo deste, hai cambios nas programacións das institucións artísticas da comunidade ou non sempre as coñecemos ao inicio do curso académico.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
(P) Consulto a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións.
(P) Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto e adáptome a este.
(P) Dou a coñecer ao alumnado os elementos básicos da programación.
(A) Antes de comezar unha unidade, explico ao alumnado "que", "con que frecuencia" e "en base a que" avaliarei.
(M) Amoso, ao principio de cada unidade didáctica, traballos variados de cursos anteriores, que se adaptan á tarefa solicitada para que sirvan de exemplo ao alumnado do que se pode facer.
(M) Motivo o meu alumnado partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade das actividades e creando expectativas.
(M) O alumnado traballa do seguinte xeito: Individualmente / por parellas / en grupos reducidos / en grupos grandes.
(M) Os exercicios que propoño son do seguinte tipo: pechados, dirixidos... / abertos, procedimentais, proxectuais, diversos, etc. / facilitan o traballo cooperativo. / impulsan a comunicación: buscar información, interpretala, tomar decisións, crear, razoar, explicar aos demais, etc.
(M) Na metodoloxía que aplico: emprego todo tipo de recursos e materiais para a aprendizaxe: material manipulativo, audiovisual, impreso, etc. / propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma / baséome nas explicacións teóricas e no libro/apuntes.
(M) Como paso as horas lectivas: intentando conseguir silencio / impartindo teoría e explicacións / respondendo a preguntas, fomentando a participación, desenvolvendo prácticas, etc. / Observando / Corrixindo ao alumnado de xeito individual.
(M) Ao comezo de cada unidade o alumnado coñece os obxectivos e competencias que queremos desenvolver, as actividades que realizarán, como se lles avaliará...
(AD) Que fago para coñecer a composición da clase? Pasar unha proba ao comezo do curso escolar / ler os informes anteriores / ver os resultados da avaliación / facilítama o titor/a, o Xefe/a de Estudos, o Orientador/a / facilítanma nas reunións de grupo (reunións de avaliación, de titores, de nivel...)
(AD) Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos, etc.

(AD) A miña programación ten en conta a diversidade.
(AD) Dou ao alumnado a explicación que precisa: No grupo grande / No grupo pequeno / De xeito individual.
(AD) Propoño tarefas de diferente nivel en cada unidade e exame.
(AD) Teño en conta o alumnado que se afasta da media dos resultados (tanto por arriba como por abaixo).
(A) Utilizo diferentes tipos de probas: exames escritos / exames orais / traballo individual / traballo en equipo.
(A) Que teño en conta para medir os resultados? A nota final / o avance, tendo en conta a situación de partida.
(A) Entre avaliacións, programo un ou varios plans de recuperación dependendo dos resultados obtidos polo alumnado.
(A) Na avaliación teño en conta diferentes competencias.
(A) Unha vez rematada a unidade ou o proxecto didáctico, avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe: Non / De xeito individual / En grupo (con membros do departamento, o equipo de avaliación...) / Co alumnado.

Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario ter en conta:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Deseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

Os indicadores de logro organízanse en torno a catro apartados:

- (P) Programación.
- (M) Metodoloxía.
- (AD) Atención á diversidade.
- (A) Avaliación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación revisarase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento.

Durante o curso, farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e faranse constar os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso nas correspondentes reunións de departamento.

A avaliación do proceso de ensino pode realizarse nestes dous momentos:

1) ao remate de cada unidade didáctica, para identificar carencias no alumnado;
2) ao rematar cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro poden consistir en:

- folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables;
- diario de aula;
- rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;

- estatísticas de resultados;
- cuestionarios e enquisas ao alumnado...

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004514	CPR Plurilingüe La Inmaculada	Marín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua castelá e literatura	1º ESO	3	105

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 5

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 6

4.1. Concrecións metodolóxicas 42

4.2. Materiais e recursos didácticos 44

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 44

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 44

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 45

6. Medidas de atención á diversidade 45

7.1. Concreción dos elementos transversais 46

7.2. Actividades complementarias 47

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 47

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 49

9. Outros apartados 50

1. Introdución

A presente programación está dirixida ao alumnado de 1º ESO. A lingua predominante do alumnado é o castelá.
O profesorado que imparte docencia neste curso é:
Dpto. de ciencias: José M. Rivadulla Pereira e José Blanco Barros.
Dpto. de linguas: Begoña Diz Magariños, Mª del Carmen Fernández Villar, Ana I. González Entenza e Mª Reyes Rosales Aldao.
Dpto. artística: Ana Mª Acuña, Elena F. Sobral e Javier Medrano.
Dpto. relixión: Roberto Briz.

En 1º ESO A atopámonos nun aula de 23 alumnos, dos cales catorce son mulleres e nove son homes.
En canto a análise dos resultados do curso anterior todos promocionaron acadando os obxectivos excepto dous nenos e unha nena que non acadaron os obxectivos da lingua estranxeira, inglés e un neno e unha nena que non acadaron os obxectivos en ciencias sociais.
Hai dúas rapazas e dous rapaces exentos da segunda lingua estranxeira, francés.
Outros aspectos relevantes:
Deste alumnado cinco precisan reforzo educativo no seu proceso de aprendizaxe por circunstancias diversas: un rapaz con trastorno do espectro autista (TEA) e trastorno específico da linguaxe (TEL), unha rapaza e un rapaz con dificultades de aprendizaxe nas linguas, unha rapaza con dificultades de comprensión e razoamento e procesamento lento.
Hai un alumno con situación familiar desfavorecida e unha alumna en acollida, tamén por situación familiar desfavorecida.

En 1º ESO B atopámonos nun aula de 24 alumnos, dos cales catorce son mulleres e dez son homes.
En canto a análise dos resultados do curso anterior, todos promocionaron acadando os obxectivos, excepto tres rapazas e un rapaz que non acadaron os obxectivos de ciencias sociais e un rapaz que non acadou os obxectivos de lingua galega.
Hai unha rapaza e tres rapaces exentos da segunda lingua estranxeira, francés.
Outros aspectos relevantes:
Deste alumnado cinco precisan reforzo educativo no seu proceso de aprendizaxe por circunstancias diversas: dous rapaces con trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), un rapaz con dificultades de aprendizaxe nas linguas, unha rapaza con trastorno por déficit de atención (TDA) e dislexia.
Hai unha alumna con dislexia e discalculia que necesita seguir o protocolo da Xunta.
Hai unha alumna no plan de alerta escolar por diabetes.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Unidade 1		10	10	X		
2	Unidade 2		10	12	X		
3	Unidade 3		10	12	X		
4	Unidade 4		10	10		X	
5	Unidade 5		10	11		X	
6	Unidade 6		10	11		X	
7	Unidade 7		10	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Unidade 8		15	13			X
9	Unidade 9		15	14			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Unidade 1	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, identificando as nocións básicas das linguas, tanto de España como as que forman os repertorios lingüísticos do alumnado, e contrastando algúns do seus trazos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Diferenciar as variedades dialectais en España.e comparar os trazos característicos básicos do galego e do castelán.	PE	42
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas.	Responder a preguntas precisas sobre o sentido global, a intención do emisor, a estrutura e a información máis importante dos textos traballados na unidade.		
CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	Valorar a calidade, a fiabilidade e os principais procedementos comunicativos empregados para enriquecer textos sinxelos.		
CA2.8 - Explicar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando unha metalinguaxe específica.	Explica como mínimo a relación entre a intención comunicativa e as eleccións lingüísticas do emisor.		
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical.	Atopar sinónimos para evitar repeticións innecesarias, buscar as palabras máis eficaces e organizar o contido axeitadamente..		
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de xeito creativo adoptando un punto de vista crítico con relación aos principios de propiedade intelectual.	Axustar o texto elaborado á estrutura axeitada cunha ordenación lóxica dos contidos e de forma creativa.		
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos, respondendo a diferentes propósitos de lectura.	Ser capaz de comprender e analizar as ideas fundamentais dos textos literarios, interpretando correctamente a intencionalidade do emisor e a situación comunicativa descrita na obra.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Localizar en textos literarios sinxelos os principais recursos expresivos e características formais e temáticas presentes neles, valorando o seu efecto sobre o receptor.		
CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e paradigmas, a interpretación das obras lidas partindo da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, consonte a configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Ser capaz de interpretar coa axuda dunha guía de lectura os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á corrente literaria á e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Identificar as categorías gramaticais predominantes nas diferentes tipoloxías textuais da unidade.		
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobres aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas.	Identificar as clases de palabras traballadas na unidade, a categoría gramatical e as funcións sintácticas.		
CA1.2 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna.	Valorar a diversidade lingüística do seu grupo, do centro docente e do seu ámbito social próximo.	TI	58
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua e a manipulación a través da palabra, a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Evitar os prexuízos e estereotipos lingüísticos e identificar os elementos verbais e non verbais que resulten discriminatorios.		
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos.	Evitar os prexuízos e estereotipos lingüísticos e identificar os elementos verbais e non verbais que resulten discriminatorios.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valorar en textos orais breves a calidade, fiabilidade e os principais procedementos comunicativos empregados para enriquecelos.		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira guiada información procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertenza en función dos obxectivos da lectura.	Valorar a fiabilidade das fontes nas que se informa e ser consciente dos perigos que supón para a privacidade facilitar información persoal na Rede.		
CA2.7 - Identificar e reparar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Deducir o significado das palabras a partir de formatos coñecidos e utilizar axeitadamente o diccionario nos restantes casos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e mais da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como os elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identificar e evitar a expresións sexistas ou discriminatorias nos medios de comunicación.		
CA3.1 - Realizar narracións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes e utilizando de xeito eficaz recursos verbais e non verbais.	Producir textos expositivos orais adecuados, coherentes e ben cohesionados con fluidez, adaptándose ao tempo predeterminado.		
CA3.2 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado de xeito activo e adecuado, con actitudes de escoita activa e empregando estratexias de cooperación conversadora e cortesía lingüística.	Participar activamente e respectar a quenda de palabra sendo claro e cortés: ofrecer opcións sen impoñer o seu criterio e cooperar		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Aplicar algunha técnica para planificar os escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.) e redactar un borrador antes de presentar o texto final coherente e cohesionado.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Prestar especial atención á adecuación (rexistro), o respecto polas convencións dos textos traballados, a ortografía, a presentación e a elección correcta do léxico, empregando o diccionario e os correctores ortográficos necesarios.		
CA4.4 - Elixir e ler textos a partir de preselección guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Escoller algún texto da narrativa universal actual e expresar de forma argumentada os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	Realizar e compartir coa clase a análise dunha obra procedente da narrativa universal actual, empregando unha guía de lectura para expresar as súas conclusións interpretativas.		
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Prestar especial atención ás relacións semánticas entre palabras e incluir elementos cohesivos que evidencien unha correcta organización do contido.		
CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, así como identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Aplicar os coñecementos adquiridos para detectar os erros formais e así subsanar as incoherencias dos textos e solucionar problemas de comprensión.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística do centro. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. - As linguas de España: orixe, distribución xeográfica e nocións básicas. Diferenzas entre plurilingüismo e diversidade dialectal. - Iniciación á reflexión interlingüística. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e exploración de formas de evitalos. - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Análise das compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión e análise critica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Elaboración de textos orais tendo en conta as compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos: canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. - Creación de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e deixar a palabra. Cooperación coloquial e cortesía lingüística. Escoita activa, firmeza no discurso e resolución dialogada dos conflitos. - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.

Contidos
- Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora. - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función dos temas, tópicos, estruturas e linguaxes. - Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios. - Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados. - Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e consonte a paradigmas dados (imitación, transformación, continuación etc.). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e intersección ns entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	Unidade 2	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas.	Responder a preguntas precisas sobre o sentido global, a intención do emisor, a estrutura e a información máis importante dos textos traballados na unidade.	PE	50
CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	Valorar a calidade, a fiabilidade e os principais procedementos comunicativos empregados para enriquecer textos sinxelos.		
CA2.8 - Explicar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando unha metalinguaxe específica.	Explica como mínimo a relación entre a intención comunicativa e as eleccións lingüísticas do emisor.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical.	Atopar sinónimos para evitar repeticións innecesarias, buscar as palabras máis eficaces e organizar o contido axeitadamente.		
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de xeito creativo adoptando un punto de vista crítico con relación aos principios de propiedade intelectual.	Axustar o texto elaborado á estrutura axeitada cunha ordenación lóxica dos contidos e de forma creativa.		
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos, respondendo a diferentes propósitos de lectura.	Ser capaz de comprender e analizar as ideas fundamentais dos textos literarios, interpretando correctamente a intencionalidade do emisor e a situación comunicativa descrita na obra.		
CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Localizar en textos literarios sinxelos os principais recursos expresivos e características formais e temáticas presentes neles, valorando o seu efecto sobre o receptor.		
CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e paradigmas, a interpretación das obras lidas partindo da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, consonte a configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Ser capaz de interpretar coa axuda dunha guía de lectura os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á corrente literaria á e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou anacos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os recursos expresivos aprendidos na unidade.		
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Identificar as categorías gramaticais predominantes nas diferentes tipoloxías textuais da unidade.		
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobres aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas.	Identificar as clases de palabras traballadas na unidade, a categoría gramatical e as funcións sintácticas.		
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos.	Captar a idea principal e a información máis relevante dos textos da unidade.	TI	53
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valorar en textos orais breves a calidade, fiabilidade e os principais procedementos comunicativos empregados para enriquecelos.		
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información.	Discriminar a información útil e percibir as diferenzas entre a información e as opinións.		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira guiada información procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertenza en función dos obxectivos da lectura.	Valorar a fiabilidade das fontes nas que se informa e ser consciente dos perigos que supón para a privacidade facilitar información persoal na Rede.		
CA2.7 - Identificar e reparar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Deducir o significado das palabras a partir de formatos coñecidos e utilizar axeitadamente o diccionario nos restantes casos.		
CA3.1 - Realizar narracións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes e utilizando de xeito eficaz recursos verbais e non verbais.	Producir textos expositivos orais adecuados, coherentes e ben cohesionados con fluidez, adaptándose ao tempo predeterminado.		
CA3.2 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado de xeito activo e adecuado, con actitudes de escoita activa e empregando estratexias de cooperación conversadora e cortesía lingüística.	Participar activamente e respectar a quenda de palabra sendo claro e cortés: ofrecer opcións sen impoñer o seu criterio e cooperar		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Aplicar algunha técnica para planificar os escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.) e redactar un borrador antes de presentar o texto final coherente e cohesionado.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Prestar especial atención á adecuación (rexistro), o respecto polas convencións dos textos traballados, a ortografía, a presentación e a elección correcta do léxico, empregando o diccionario e os correctores ortográficos necesarios.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e para a procura de consensos, abarcando tanto o ámbito persoal coma o educativo e o social.	Coñecer e respectar as normas de interacción e de cortesía lingüística.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	Realizar e compartir coa clase a análise dunha obra procedente da narrativa universal actual, empregando unha guía de lectura para expresar as súas conclusións interpretativas.		
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Prestar especial atención ás relacións semánticas entre palabras e incluir elementos cohesivos que evidencien unha correcta organización do contido.		
CA5.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	Discriminar a información útil, organizala de forma crítica e presentala con perspectiva persoal..		
CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, así como identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Aplicar os coñecementos adquiridos para detectar os erros formais e así subsanar as incoherencias dos textos e solucionar problemas de comprensión.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Análise das compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión e análise critica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas.

Contidos
- Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Riscos de información interesada, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Elaboración de textos orais tendo en conta as compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos: canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. - Creación de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e deixar a palabra. Cooperación coloquial e cortesía lingüística. Escoita activa, firmeza no discurso e resolución dialogada dos conflitos. - Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector. - Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.

Contidos
- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados. - Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e consonte a paradigmas dados (imitación, transformación, continuación etc.). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e co uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía está orientada a que os alumnos /as acaden os obxectivos. Caracterízase por ser activa, participativa, motivadora e por estar relacionada coa experiencia. O coñecemento da lingua integra contidos relacionados coa reflexión sobre a lingua, coa adquisición de uns conceptos e unha terminoloxía gramatical. Propóñense actividades de gramática, ortografía e léxico para conseguir un maior dominio da lingua, así como de literatura para adquirir coñecementos relacionados coa nosa tradición literaria.

Tamén é importante a procura de información en bibliotecas ou Internet orientada a traballos de clase, así como otraballo con xornais (soporte de papel ou dixitais).
No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

Aspectos xerais
- Partir da competencia inicial do alumnado.
- Repaso dos contidos xa estudados no curso anterior.
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Potenciar as metodoloxías activas e participativas:
- Combinar traballo individual e cooperativo.
- Aprendizaxe por proxectos.
- Enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas.
- Fomento do uso das TIC para resolver actividades, realizar traballos ou presentacións, ampliar ou complementar a información do libro, etc.
- Fomento da aprendizaxe activa e do traballo colaborativo.
- Fomento do aspecto lúdico e creativo da linguaxe.
- Traballo dos distintos contidos da unidade a partirde textos próximos á realidade e aos intereses do alumnado.
- Desenvolvemento do pensamento crítico necesario para interpretar a información que achegan os medios de comunicación.
- Fomento do interese pola poesía e a súa relación coa música, mediante a escoita de versións musicadas de poemas.
- Creación de textos e lectura posterior en voz alta para que os demais valoren a creatividade de cada alumno/-a e así favorecer o xuízo crítico e o traballo cooperativo.
- Analizar e redactar textos de acordo cunhas pautas; asegurar a correcta asimilación de conceptos a través dunha práctica continuada; utilizar a Rede para obter información; manexar o dicionario como fonte de consulta habitual; dispoñer dunha gramática como material de apoio; realizar esquemas, táboas, mapas conceptuais e resumos para asimilar e lembrar mellor os conceptos, etc.
- Papel facilitador do profesor/a.

Estratexias metodolóxicas
- Lectura individual e compartida dos contidos da unidade.

- Investigación sobre documentos, textos, prensa, relacionados co tema.
- Elaboración de sínteses.
- Análise de documentos.
- Comentarios de textos
- Estudo de casos (proxectos).
- Memorización comprensiva.
- Traballo reflexivo persoal no desenvolvemento das actividades individuais.
- Traballo en grupo cooperativo (sempre que o protocolo covid o permita): facer grupos de 3 ou 4 alumnos e alumnas e utilizar as estruturas da aprendizaxe cooperativa suxeridas na guía do profesorado para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara. Aplicar estructuras de traballo cooperativo.
- Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, reaccionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións
- Posta en común en gran grupo, despois do traballo individual ou grupal.

Secuenciación de traballo na aula
- Actividade que permita anticipar as ideas previas que os alumnos e as alumnas teñen en torno aos distintos contidos que imos
traballar.
- Formulación de cuestións que favorezan o conflito cognitivo.
- Presentación da actividade con textos, fotos.
- Rutinas de pensamento: vexo, penso, pregúntome; parella de detectives; choiva de ideas...
- Audición individual e logo colectiva, en gran grupo, da lectura inicial e da lenda do «Comentario de texto» co obxectivo de mellorar a
comprensión oral.
- Fincapé nos hábitos de traballo: responder as actividades do libro; comprender a finalidade de cada apartado; utilizar a Rede para
obter información utilizar o dicionario; facer clasificacións, cadros, pensamento visual, esquemas e resumos; estudar a teoría co
apoio dunha práctica continuada, etc.

Información do profesor/a:
- Información básica para todo o alumnado.
- Exposición da profesora utilizando diferentes soportes, explicando detalladamente o significado daqueles conceptos máis complexos e novidosos.
- Explicación do lido e respostas aos interrogantes.
- Preguntas aos alumnos para comporbar o comprendido.
- Información complementaria para reforzo e apoio.
- Información complementaria para afondamento e ampliación.

Traballo persoal:
- Fomento do clima adecuado que favoreza o traballo reflexivo individual.
- Posta en común en gran grupo a través do diálogo e a lectura colectiva, tras o traballo individual ou colectivo.
- Lectura e comprensión de textos.
- Práctica habitual na clase da análise guiada de textos literarios.
- Realización de exercicios prácticos que mostren a comprensión dos contidos.
- Pequenas investigacións, relacionadas coa unidade.
- Resposta a preguntas.
- Comentario de documentos, textos.
- Elaboración de síntese ou mapas conceptuais, mentais, pensamento visual.
- Memorizición comprensiva.
- Exposicións orais.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro dixital EDIXGAL en 1º ESO.
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.
Selección de obras e/ou fragmentos de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura.
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.
Materiais de investigación e consulta.
Exposición en paneis de murais ou outros traballos.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido ha de dar resposta á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favorezca a inmediata comprensión oral e escrita.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial ten como obxectivo fundamental analizar, antes de iniciar un proceso de ensino-aprendizaxe, a situación de cada estudante. Na avaliación inicial pódense diagnosticar aspectos como as concepcións alternativas, as estratexias espontáneas de razoamento, as experiencias persoais e os hábitos e actitudes que determinan, en boa medida, o sentido da aprendizaxe.

Durante as dúas primeiras semanas do curso realizarase unha proba escrita, deseñada tendo en conta o currículo do curso anterior. Os resultados destas probas, xunto coa observación do traballo na aula, a información aportada polo Departamento de Orientación e a Memoria Final do curso 2022/2023, permiten adoptar decisións sobre cales son os puntos de partida e poder adaptar así o proceso de ensino aprendizaxe e a propia programación didáctica ás necesidades detectadas

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**10**	**10**	**10**	**10**	**10**	**10**	**15**	**15**	**100**
Proba escrita	42	50	46	47	48	48	51	51	47	**48**
Táboa de indicadores	58	50	54	53	52	52	49	49	53	**52**

Criterios de cualificación:

En cada avaliación parcial aplicaranse os seguintes criterios de cualificación.
1.- Proba escrita:
Exames, 50%.
2.- Táboas de indicadores:
Taller de creación, 15%.
Taller de investigación, 15%.
Taller literario, 10%.
Actividades de clase, 10%.
AVALIACIÓN PARCIAL
O resultado de cada avaliación parcial realizarase calculando a media ponderada dos distintos contextos de aplicación segundo os criterios de cualificación descritos no apartado anterior.

AVALIACIÓN FINAL
Cando as notas obtidas en cada unha das tres avaliacións trimestrais sexa superior ou igual a 5 farase a media aritmética para obter a cualificación final.

Criterios de recuperación:

Os alumnos que non acaden un 5 nas avaliacións parciais deberán realizar probas específicas que avalíen os contextos de aplicación non superados. Para acadar o aprobado, o alumno deberá obter unha nota mínima de 5 sobre 10. Unha vez rematadas estas recuperacións a cualificación final realizarase coa media aritmética da cada avaliación tendo en conta o novo resultado.

A promoción do alumnado será adoptada de xeito colexiado segundo o disposto na normativa vixente.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Este apartado ao tratarse do primeiro curso da ESO non aplica.

6. Medidas de atención á diversidade

En función das necesidades que formulan a resposta á diversidade dos alumnos e a heteroxeneidade das actividades de ensino- aprendizaxe, poderanse articular as seguintes variantes de agrupamento dos alumnos:

Traballo individual: este agrupamento será adecuado para algunhas explicacións en clase, así como para a realización de actividades de asimilación de contidos.

Traballo por parellas: este agrupamento será que predomine nas clases, intentando unha axuda mutua entre compañeiros.

No caso de contar con algún alumno ou alumna que teña necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade física, sensorial, sobredotación ou que necesite axudas técnicas e linguaxes alternativas, seguiranse as directrices que marque o Plan de Atención á Diversidade do Centro.

Todo o que se faga nesta materia será de acordo co diagnóstico psico-pedagóxico en estreita relación co Departamento de Orientación.

A diversidade derivada do interese dos alumnos atenderase a través dunha metodoloxía plural para que cada alumno aprenda dacordo coa súa situación persoal.

Na programación tense en conta unha serie de aspectos que permiten individualizar o máis posible o proceso de ensino-aprendizaxe.
Para iso adóptanse as seguintes medidas:
a. Distinguir entre contidos prioritarios, complementarios e de ampliación elexíndose en cada caso o máis apropiado.
b. Propoñer variedade de actividades para un mesmo contido: non todos os alumnos realizarán as mesmas actividades.
c. Utilizar metodoloxías diversas.
d. Empregar materiais didácticos variados e graduados en función da súa dificultade.
e. Favorecer agrupamentos en clase que posibiliten a interacción: agrupamentos flexibles e ritmos distintos. Os grupos de traballo non estarán sempre formados por os mesmos alumnos senón que estarán en función da tarefa a realizar.
f. Graduar as diversas aproximacións que poden darse a un mesmo criterio de avaliación.

Medidas organizativas:
- Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula.
- Adaptacións metodolóxicas para algún alumno / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos.
- Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a.
- Programas de reforzo para o alumnado que non promociona a materia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X				X			
ET.2 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable							X	
ET.3 - Educación cívica e en valores	X	X				X		X
ET.4 - Formación estética			X			X		
ET.5 - Igualdade entre mulleres e homes	X			X				
ET.6 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a saúde							X	

	UD 9
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X
ET.2 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	
ET.3 - Educación cívica e en valores	X
ET.4 - Formación estética	X
ET.5 - Igualdade entre mulleres e homes	X
ET.6 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X
ET.7 - Educación para a saúde	

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a obras teatrais	O alumnado asiste unha vez no curso a unha obra teatral en Vigo ou Pontevedra según a carteleira.	X	X	X
Preparación de obras teatrais	O alumnado preparará fragmentos de obras teatrais para participar en concursos ou nos festivais do centro.	X		
Participación en certames literarios	O alumnado participará nos concursos propostos polo centro, polo concello e outras entidades locais tanto en poesía como en narrativa.	X	X	X
Asistencia a exposicións literarias	O alumnado asistirá a unha exposición literaria guiada segundo a oferta das distintas entidades culturais.	X	X	X
Exposicións literarias no centro	O alumnado realizará exposicións bibliográficas e biográficas no centro co galo das efemérides de literatos célebres.	X	X	X

Observacións:
A asistencia a obras teatrais e a exposicións literarias faranse unha vez no curso respectivamente aínda que estean sinaladas en todos os trimestres xa que dependen da carteleira e a oferta das entidades culturais.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada

O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado.
Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Dóuselle un peso real á observación do traballo na aula.
Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
Combínase o traballo individual e en equipo.
Poténcianse estratexias de animación á lectura.
Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.
Préstase atención aos elementos transversais.
Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos.
Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos mínimos de consecución..
Medidas de atención á diversidade
Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.
Clima de traballo na aula
As relacións entre o alumnado son fluidas e axeitadas
As relacións entre os profesores e o alumnado son fluidas e axeitadas.
Foméntase o respecto e a colaboración mutua.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.

Outros
Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos.

Descrición:

Esta avaliación é fundamental para valorar os resultados obtidos e coñecer cales son as circunstancias e elementos da nosa programación positivos e cales, pola contra, dificultan a consecución dalgunhas CC e obxectivos. A práctica docente é avaliada de modo continuo. Os instrumentos empregados son o anecdotario de aula, as escalas de valoración numérica con indicadores de logro para os procesos de ensino-aprendizaxe aplicadas ao finalizar cada trimestre, as actas das reunións do Dpto., celebradas cunha periodicidade mensual para realizar unha análise do progreso académico dos estudantes, o seguimento da programación e comentar as conclusións da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP)

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación é revisada antes do comezo de curso para incorporar aquelas conclusións da Memoria Final do curso 2021/2022 que se consideren relevantes. Durante o curso, o estudo dos resultados académicos e a análise das súas causas permite establecer medidas correctoras. Nas reunións de Departamento trimestral realizarase un seguimento do nivel de cumprimento das programacións. As modificacións que se deriven desta análise serán acordadas polo Dpto. e quedarán reflectidas nunha acta sendo tamén incluídas na Memoria Final.
1.- Nas sesións de avaliación trimestral e tendo en conta os resultados académicos faremos constar en acta os seguintes aspectos:
Análise estadístico dos resultados xerais do grupo e valoración dos mesmos.
Casos particulares analizados e medidas a adoptar.
Clima de traballo na aula.
Valoración dos apoios e reforzos.
Grao de desenvolvemento das competencias en xeral.
Compromisos para a seguinte avaliación.

2.- Ao remate do curso e como parte da Memoria Final revisarase a programación tendo en conta:
Unidades non impartidas e as causas que o impediron.
As modificacións introducidas.
As propostas de mellora a ter en conta no próximo curso.
Os resultados académicos e as posibles causas que afectaron negativamente.
A valoración dos recursos, medidas de atención á diversidade aplicadas e actividades complementarias.
As conclusións obtidas na avaliación.

INDICADORES DE LOGRO
Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas.
Adecuación da secuenciación dos criterios de avaliación para cada unha das unidades.
Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada criterio.
Asignación a cada criterio do peso correspondente na cualificación.
Vinculación de cada criterio a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
Adecuación da secuencia de traballo na aula.
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
Adecuación do libro de texto .
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos.
Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.
Adecuación dos programas de apoio, vinculados aos mínimos de consecución.
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.

Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, procedementos e instrumentos.
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004514	CPR Plurilingüe La Inmaculada	Marín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua estranxeira - Inglés	1º ESO	3	105

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 5

4.1. Concrecións metodolóxicas 33

4.2. Materiais e recursos didácticos 34

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 34

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 35

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 36

6. Medidas de atención á diversidade 36

7.1. Concreción dos elementos transversais 37

7.2. Actividades complementarias 38

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 38

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 39

9. Outros apartados 39

1. Introdución

A presente programación didáctica da materia de Lingua Inglesa en 1º ESO ten como obxectivo principal a adquisición da competencia comunicativa apropiada, de modo que o alumnado sexa quen de comprender, expresarse e interactuar na devandita lingua con eficacia; asemade procura o enriquecemento e a expansión da súa conciencia intercultural e plurilingüe.
A metodoloxía seguida responde ao enfoque comunicativo aconsellado dende o Marco Común Europeo de Referencia, polo que non só os obxectivos e contidos, senón tamén as actividades, as tarefas e as unidades a desenvolver representarán situacións reais e efectivas de comunicación.
A presente programación está dirixida ao alumnado de dous grupos de 1º ESO:
En 1º ESO A hai 23 alumnos, dos cales catorce son mulleres e nove son homes.
A lingua predominante do alumnado é o castelán.
En canto á análise dos resultados do curso anterior todos promocionaron acadando os obxectivos da lingua estranxeira, excepto dous nenos e unha nena.
Hai dúas rapazas e dous rapaces exentos da segunda lingua estranxeira, francés, por presentar dificultades nas materias de linguas.
Cinco Lumnos/as precisan reforzo educativo no seu proceso de aprendizaxe por circunstancias diversas: un rapaz con trastorno do espectro autista (TEA) e trastorno específico da linguaxe (TEL), unha rapaza e un rapaz con dificultades de aprendizaxe nas linguas, unha rapaza con dificultades de comprensión e razoamento e procesamento lento.
Hai un alumno con situación familiar desfavorecida e unha alumna en acollida, tamén por situación familiar desfavorecida.
En 1º ESO B hai 24 alumnos, dos cales catorce son mulleres e dez son homes.
A lingua predominante do alumnado é o castelán.
En canto o análise dos resultados do curso anterior todos promocionaron acadando os obxectivos da lingua estranxeira.
Hai unha rapaza e tres rapaces exentos da segunda lingua estranxeira, francés, por presentar dificultades nas linguas.
Cinco alumnos/as precisan reforzo educativo no seu proceso de aprendizaxe por circunstancias diversas: dous rapaces con trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), un rapaz con dificultades de aprendizaxe nas linguas, unha rapaza con trastorno por déficit de atención (TDA) e dislexia.
Hai unha alumna con dislexia e discalculia que necesita seguir o protocolo da Xunta.
Hai unha alumna no plan de alerta escolar por diabetes.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e interpretar o sentido xeral e os detalles máis relevantes de textos expresados de forma clara e na lingua estándar, buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos orixinais, de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma creativa, adecuada e coherente mensaxes relevantes e responder a propósitos comunicativos concretos.	1	1-2	1	2	5		1	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Interactuar con outras persoas con crecente autonomía, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos concretos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3		
OBX4 - Mediar en situacións cotiás entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.	1-2-5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando de forma crítica sobre ou seu funcionamento e tomando conciencia das estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas.	1	1-2-3	1	2	1-5			
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais.	5	3			1-3	1-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	School life	Falamos das nosas rutinas como escolares., e coñecemos as rutinas de escolares doutros países. Present simple, object pronouns...	10	13	X		
2	Me time	Falamos do que facemos no noso tempo libre, dos nosos gustos e dos deportes. Adverbs of frequency, likes and dislikes, wh- questions...	10	13	X		
3	Dressing up	Imos de compras e falamos da roupa e os accesorios. Present continuous, present simple & continuous, time expressions...	10	13	X		
4	Extremes	Falamos do tempo, comparamos os distintos climas no mundo (algúns extremos) e organizamos unha viaxe de	10	13		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Extremes	aventura. Comparative and superlative adjectives, modal verbs...	10	13		X	
5	Must try!	Falamos da comida en distintos lugares do mundo, e da cidade. Countable and uncountable nouns, there is/are, how much/many...	15	13		X	
6	Animals in danger	Falamos de animais en perigo, de animais xa extinguidos, e de como protexelos. Past simple of be and regular verbs...	15	13		X	
7	Heroes	Falamos das profesións, e das persoas e as súas calidades. Past simple of irregular verbs, ago...	15	14			X
8	Summer fun	Falamos das vacacións, agora e no futuro. Will for predictions, future with going to, present continuous for future arrangements...	15	13			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	School life	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender e analizar o sentido global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais como libros ilustrados, páxinas web, presentacións de diapositivas, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, propios dos ámbitos das relacións interpersoais, da aprendizaxe, dos medios de comunicación e da ficción, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Comprender o sentido global e explícito de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns.	PE	50
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada as estratexias e coñecementos máis adecuados en situacións comunicativas cotiás para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; interpretar elementos non verbais e buscar información.	Seleccionar e aplicar de forma guiada as estratexias e coñecementos básicos para comprender o sentido xeral dos textos; interpretar elementos non verbais e buscar información.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Organizar e redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles, con aceptable claridade, coherencia, cohesión e adecuación á situación comunicativa proposta, seguindo pautas establecidas, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Organizar e redactar, de forma guiada, textos breves e comprensibles, con aceptable claridade.		
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e as necesidades de cada momento.	Seleccionar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para producir textos comprensibles. usando con axuda os recursos físicos ou dixitais máis adecuados.		
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia para o alumnado, co fin de describir e producir narracións sobre temas concretos, en diferentes soportes, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, así como estratexias básicas de planificación.	Expresar oralmente textos breves, sinxelos e comprensibles.	TI	50
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas, , apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal e mostrando respecto.		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.	Seleccionar e utilizar, de forma guiada, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación e tomar e ceder a palabra.		
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión (entre distintas linguas) e de entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Explicar comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por solucionar poblemas.		
CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar, de forma guiada, estratexias que faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, usando, con axuda, recursos básicos en función das necesidades de cada momento.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.	Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma progresivamente autónoma, os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.		
CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas [PEL] ou nun diario de aprendizaxe).	Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades.		
CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.	Actuar de forma respectuosa en situacións interculturais, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.		
CA3.2 - Aceptar e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Aceptar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		
CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación. - Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas. - Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión e a posibilidade, a capacidade, a obrigación e a prohibición.

Contidos
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado é capaz de interpretar o sentido dalgúns textos literarios dende unha perspectiva de xénero. Identifica situacións de desigualdade, discriminación, prexuízos, linguaxe sexista etc.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado incorpora, nun texto dado, palabras sinónimas, hiperónimas e hipónimas co obxectivo de evitar repeticións no discurso.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado localiza en textos narrativos e descritivos, distintos tipos de palabras e identifica cales son as categorías gramaticais predominantes.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado é quen de explicar a mudanza gramatical dunha palabra mediante procedementos como a adición de prefixos e sufixos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movemen-tos artísticos. - Lectura con perspectiva de xénero. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).

UD	Título da UD	Duración
9	Unidade 9 Vas ou vés?	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa activamente na planificación da peza (ensaios, decorados, vestiario) e na procura de información sobre a obra, o/a autor/a e a súa época, con boa actitude e cortesía lingüística.	TI	100
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado explica o grao de formalidade da situación da peza teatral, distingue o propósito comunicativo do seu personaxe e interpreta as súas intencións.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado, logo de procurar e contrastar información na biblioteca, elabora un xogo interactivo sinxelo de preguntas e respostas sobre a obra, o/a autor/a, o seu contexto histórico etc.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado é quen de realizar unha lectura expresiva e posterior dramatización da obra atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados no seu desenvolvemento.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado elabora un traballo sobre as características máis salientables do xénero dramático e identifica na obra de lectura/peza teatral algúns dos seus principais elementos.		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado coñece algúns dos temas e tópicos máis frecuentes na literartura (o amor, a vida, a morte etc.) e sabe identificalos na obra de lectura obrigatoria (peza teatral).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audien-cia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha prese-lección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movemen-tos artísticos.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Orientacións pedagóxicas
A metodoloxía está orientada a que os alumnos /as acaden os obxectivos. Caracterízase por ser activa, participativa, motivadora e por estar relacionada coa experiencia. O coñecemento da lingua integra contidos relacionados coa reflexión sobre a lingua, coa adquisición de uns conceptos e unha terminoloxía gramatical. Propóñense actividades de gramática, ortografía e léxico para conseguir un maior dominio da lingua, así como de literatura para adquirir coñecementos relacionados coa nosa tradición literaria.

Tamén é importante a procura de información en bibliotecas ou Internet orientada a traballos de clase, así como otraballo con xornais (soporte de papel ou dixitais).
No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

Aspectos xerais
- Partir da competencia inicial do alumnado.
- Repaso dos contidos xa estudados no curso anterior.
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Potenciar as metodoloxías activas e participativas:
- Combinar traballo individual e cooperativo.
- Aprendizaxe por proxectos.

- Enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas.
- Fomento do uso das TIC para resolver actividades, realizar traballos ou presentacións, ampliar ou complementar a información do libro, etc.
- Fomento da aprendizaxe activa e do traballo colaborativo.
- Fomento do aspecto lúdico e creativo da linguaxe.
- Traballo dos distintos contidos da unidade a partirde textos próximos á realidade e aos intereses do alumnado
- Desenvolvemento do pensamento crítico necesario para interpretar a información que achegan os medios de comunicación
- Fomento do interese pola poesía e a súa relación coa música, mediante a escoita de versións musicadas de poemas.
- Creación de textos e lectura posterior en voz alta para que os demais valoren a creatividade de cada alumno/-a e así favorecer o xuízo crítico e o traballo cooperativo.
- Analizar e redactar textos de acordo cunhas pautas; asegurar a correcta asimilación de conceptos a través dunha práctica continuada; utilizar a Rede para obter información; manexar o dicionario como fonte de consulta habitual; dispoñer dunha gramática como material de apoio; realizar esquemas, táboas, mapas conceptuais e resumos para asimilar e lembrar mellor os conceptos, etc.
- Papel facilitador do profesor/a.

Estratexias metodolóxicas
- Lectura individual e compartida dos contidos da unidade.
- Investigación sobre documentos, textos, prensa, relacionados co tema.
- Elaboración de síntese.
- Análise de documentos.
- Comentarios de textos
- Estudo de casos (proxectos).
- Memorización comprensiva.
- Traballo reflexivo persoal no desenvolvemento das actividades individuais.
- Traballo en grupo cooperativo (sempre que o protocolo covid o permita): facer grupos de 3 ou 4 alumnos e alumnas e utilizar as estruturas da aprendizaxe cooperativa suxeridas na guía do profesorado para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara. Aplicar estructuras de traballo cooperativo.
- Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, reaccionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións
- Posta en común en gran grupo, despois do traballo individual ou grupal.

Secuenciación de traballo na aula
- Actividade que permita anticipar as ideas previas que os alumnos e as alumnas teñen en torno aos distintos contidos que imos traballar.
- Formulación de cuestións que favorezan o conflito cognitivo.
- Presentación da actividade con textos, fotos
- Rutinas de pensamento: vexo, penso, pregúntome; parella de detectives; choiva de ideas¿..
- Audición individual e logo colectiva, en gran grupo, da lectura inicial e da lenda do «Comentario de texto» co obxectivo de mellorar a comprensión oral.
- Fincapé nos hábitos de traballo: responder as actividades do libro; comprender a finalidade de cada apartado; utilizar a Rede para obter información utilizar o dicionario; facer clasificacións, cadros, pensamento visual, esquemas e resumos; estudar a teoría co apoio dunha práctica continuada, etc.

Información do profesor/a:
- Información básica para todo o alumnado.
- Exposición da profesora utilizando diferentes soportes, explicando detalladamente o significado daqueles conceptos máis complexos e novidosos.
- Explicación do lido e respostas aos interrogantes
- Preguntas aos alumnos para comporbar o comprendido.
- Información complementaria para reforzo e apoio.
- Información complementaria para afondamento e ampliación.

Traballo persoal:
- Fomento do clima adecuado que favoreza o traballo reflexivo individual
- Posta en común en gran grupo a través do diálogo e a lectura colectiva, tras o traballo individual ou colectivo

- Lectura e comprensión de textos.
- Práctica habitual na clase da análise guiada de textos literarios.
- Realización de exercicios prácticos que mostren a comprensión dos contidos.
- Pequenas investigacións, relacionadas coa unidade.
- Resposta a preguntas.
- Comentario de documentos, textos
- Elaboración de síntese ou mapas conceptuais, mentais, pensamento visual
- Memorización comprensiva.
- Exposicións orais

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ausubel, David (1976). Psicología Educativa. Un punto de vista cognoscitivo. México: Trillas.
Beltrán Carballeira, Ramón X. (2019). Manual práctico de galego. A Coruña: Baía Edicións.
Cunha, Celsa & Cintra, Lindley (2017). (7ª Ed.). Nova gramática do português contemporâneo de acordo com a nova ortografía. Rio de janeiro: Lexikon Editora Digital.
Dicionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos (2007) Xerais. Vigo
Dosil, Benxamín (2015). Escrita doada: consellos para redactar ben. Vigo: Xerais.
Dosil, Benxamín (2021). Manual de uso da lingua galega. Vigo: Xerais.
Feixó Cid, Xosé G. (2021). Gramática da lingua galega. Síntese práctica (6ª Edición). Vigo: Xerais.
Fernández Fernández, Isaac (2010). Diccionario galego-euscaro, euskara-galiziera. Vigo: Universidade de Vigo.
Fernández Salgado, Benigno (Dir.) (2004). Dicionario Galaxia de usos e dificultades da Lingua Galega. Vigo. Galaxia.
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2013). Estilística da Lingua Galega. Vigo: Xerais de Galicia
Gran Dicionario Xerais da lingua (2009), VV AA, 2 tomos. Xerais. Vigo
Méndez Álvarez, Mª Xesús (2004). Ortografía da Lingua Galega. Vigo: Xerais de Galicia.
López Viñas, Xoán; Lourenço Módia, Cilha & Moreda Leirado, Marisa (2011). (2ª Ed. Corrixida). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Baía Edicións.
Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, 2003 (edición revisada) RAG/ILG
Novo Folgueira, Paulino (1999). Dicionario de uso para a comunicación. Vigo: Xerais de Galicia
Regueira, Xosé Luís (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega.
Rosales Cereijo, Manuel (2002). A linguaxe literaria. Guía de recursos para a análise textual. Vigo: Xerais de Galicia
Torres Santomé, Jurjo (1995). O Curriculum oculto. Portugal: Porto.
Vázquez Freire, Miguel (1992). O Curriculum. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Vilagrasa Grandia, Albert (2018). A punt 1. Publicacions de l`Abadia de Montserrat. Bastons Vilallonga, Núria, Bernardó Fernández, Cristina, Comajoan Colomé, Llorenç (2011). Gramàtica Pràctica del catalá. Barcelona. Teide

Libro dixital EDIXGAL en 1º ESO
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.
Selección de obras e/ou fragmentos de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación
Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia
Materiais de investigación e consulta
Exposición en paneis de murais ou outros traballos

* Descrición
A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica de Lingua Galega e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido ha de dar resposta á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favorezca a inmediata comprensión oral e escrita.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Procedemento para a avaliación inicial

* Descrición
A avaliación inicial ten como obxectivo fundamental analizar, antes de iniciar un proceso de ensino-aprendizaxe, a situación de cada estudante. Na avaliación inicial pódense diagnosticar aspectos como as concepcións alternativas, as estratexias espontáneas de razoamento, as experiencias persoais e os hábitos e actitudes que determinan, en boa medida, o sentido da aprendizaxe.

Durante as dúas primeiras semanas do curso realizarase unha proba escrita, deseñada tendo en conta o currículo do curso anterior. Os resultados destas probas, xunto coa observación do traballo na aula, a información aportada polo Departamento de Orientación e a Memoria Final do curso 2021/2022, permiten adoptar decisións sobre cales son os puntos de partida e poder adaptar así o proceso de ensino aprendizaxe e a propia programación didáctica ás necesidades detectadas

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**10**	**15**	**10**	**10**	**10**	**10**	**10**	**15**	**100**
Proba escrita	50	75	0	75	60	0	85	100	0	**44**
Táboa de indicadores	50	25	100	25	40	100	15	0	100	**56**

Criterios de cualificación:

En cada avaliación parcial aplicaranse os seguintes criterios de cualifiación.
1. Proba escrita: Exames 60%
2. Táboas de indicadores: taller literario 15%, taller de investigación 15%, actividades de aula 10%
Avaliación parcial
O resultado de cada avaliación parcial realizarase calculando a media ponderada dos distintos contextos de aplicación segundo os criterios de cualificación descritos no apartado anterior
Avaliación final
Cando as notas obtidas en cada unha das tres avaliacións trimestrais sexa superior ou igual a 5 farase a media aritmética para obter a cualificación final.

Criterios de recuperación:

AVALIACIÓN FINAL
A nota final do alumno será a media das tres avaliacións,en caso de que esta media non sexa de 5 ,terá que recuperar o trimestre que non teña aprobado,unicamente ese.

A promoción do alumnado será adoptada de xeito colexiado segundo o disposto na normativa vixente.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Levarase a cabo un exame trimestral para poder recuperar as materias pendentes. Previamente daráselle ao alumno unha serie de exercicios teóricos e prácticos para preparar na súa casa.De aí farase a proba que deben superar.

6. Medidas de atención á diversidade

* Descrición
En función das necesidades que formulan a resposta á diversidade dos alumnos e a heteroxeneidade das actividades de ensino- aprendizaxe, podrézanse articular as seguintes variantes de agrupamento dos alumnos:

Traballo individual: este agrupamento será adecuado para algunhas explicacións en clase, así como para a realización de actividades de asimilación de contidos.

Traballo por parellas: este agrupamento será que predomine nas clases, intentando unha axuda mutua entre compañeiros.

No caso de contar con algún alumno ou alumna que teña necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade física, sensorial, sobredotación ou que necesite axudas técnicas e linguaxes alternativas, seguiranse as directrices que marque o Plan de Atención á Diversidade do Centro.

Todo o que se faga nesta materia será de acordo co diagnóstico psico-pedagóxico en estreita relación co Departamento de Orientación.

A diversidade derivada do interese dos alumnos atenderase a través dunha metodoloxía plural para que cada alumno aprenda dacordo coa súa situación persoal.

Na programación tense en conta unha serie de aspectos que permiten individualizar o máis posible o proceso de ensino-aprendizaxe.
Para iso adóptanse as seguintes medidas:
a. Distinguir entre contidos prioritarios, complementarios e de ampliación elexíndose en cada caso o máis apropiado.
b. Propoñer variedade de actividades para un mesmo contido: non todos os alumnos realizarán as mesmas actividades.
c. Utilizar metodoloxías diversas.
d. Empregar materiais didácticos variados e graduados en función da súa dificultade.
e. Favorecer agrupamentos en clase que posibiliten a interacción: agrupamentos flexibles e ritmos distintos. Os grupos de traballo non estarán sempre formados por os mesmos alumnos senón que estarán en función da tarefa a realizar.
f. Graduar as diversas aproximacións que poden darse a un mesmo criterio de avaliación.

Medidas organizativas:
- Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula.
- Adaptacións metodolóxicas para algún alumno / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos.
- Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a.
- Programas de reforzo para o alumnado que non promociona a materia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comunicación audivisual			X			X		
ET.2 - A competencia dixital			X			X		
ET.3 - O fomento do espírito crítico e científico	X					X	X	
ET.4 - A educación emocional e en valores						X	X	X
ET.5 - A igualdade de xénero								X
ET.6 - A creatividade	X		X				X	
ET.7 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable							X	
ET.8 - O emprendemento social e empresarial						X		
ET.9 - A comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - A comunicación audivisual	X

	UD 9
ET.2 - A competencia dixital	X
ET.3 - O fomento do espírito crítico e científico	X
ET.4 - A educación emocional e en valores	
ET.5 - A igualdade de xénero	
ET.6 - A creatividade	X
ET.7 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	
ET.8 - O emprendemento social e empresarial	
ET.9 - A comprensión lectora	X
ET.10 - A expresión oral e escrita	X

Observacións:
O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 1º de ESO, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Alén diso, pola peculiaridade da materia de Lingua Galega e Literatura, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas, polo que non aparecen singularizados en ningunha delas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación en certames literarios.	O alumnado participará nos concursos propostos polo centro, polo concello e outras entidades locais tanto en poesía como en narrativa.			
Preparación de obras teatrais.	O alumnado preparará fragmentos de obras teatrais para participar en concursos ou nos festivais do centro.			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a obras teatrais	O alumnado asiste unha vez no curso a unha obra teatral en Vigo ou Pontevedra según a carteleira.			

Observacións:
A maiores:

Asistencia a exposicións literarias
O alumnado asistirá a unha exposición literaria guiada segundo a oferta das distintas entidades culturais.

Exposicións literarias no centro
O alumnado realizará exposicións bibliográficas e biográficas no centro co galo das efemérides de literatos célebres.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
PROCESO PRÁCTICA DOCENTE
6. Combínase o traballo individual e en equipo.
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino aprendizaxe.

Medidas de atención á diversidade
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE..
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
Clima de traballo na aula
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado.
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.

Descrición:

Esta avaliación é fundamental para valorar os resultados obtidos e coñecer cales son as circunstancias e elementos da nosa programación positivos e cales, pola contra, dificultan a consecución dalgunhas CC e obxectivos. A práctica docente é avaliada de modo continuo. Os instrumentos empregados son o anecdotario de aula, as escalas de valoración numérica con indicadores de logro para os procesos de ensino-aprendizaxe aplicadas ao finalizar cada trimestre, as actas das reunións do Dpto., celebradas cunha periodicidade mensual para realizar unha análise do progreso académico dos estudantes, o seguimento da programación e comentar as conclusións da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP)

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación é revisada antes do comezo de curso para incorporar aquelas conclusións da Memoria Final do curso 2021/2022 que se consideren relevantes. Durante o curso, o estudo dos resultados académicos e a análise das súas causas permite establecer medidas correctoras. Nas reunións de Departamento trimestral realizarase un seguimento do nivel de cumprimento das programacións. As modificacións que se deriven desta análise serán acordadas polo Dpto. e quedarán reflectidas nunha acta sendo tamén incluídas na Memoria Final.
1.- Nas sesións de avaliación trimestral e tendo en conta os resultados académicos faremos constar en acta os seguintes aspectos:
Análise estadístico dos resultados xerais do grupo e valoración dos mesmos.
Casos particulares analizados e medidas a adoptar.
Clima de traballo na aula.
Valoración dos apoios e reforzos.
Grao de desenvolvemento das competencias en xeral.
Compromisos para a seguinte avaliación.

2.- Ao remate do curso e como parte da Memoria Final revisarase a programación tendo en conta:

Unidades non impartidas e as causas que o impediron.
As modificacións introducidas.
As propostas de mellora a ter en conta no próximo curso.
Os resultados académicos e as posibles causas que afectaron negativamente.
A valoración dos recursos, medidas de atención á diversidade aplicadas e actividades complementarias.
As conclusións obtidas na avaliación.

INDICADORES DE LOGRO
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
12. Adecuación do libro de texto .
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.
15. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos.
16. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
19. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.
20. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.
21. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.
22. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, vinculados aos estándares.
23. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
24. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
25. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
27. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
28. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
29. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004514	CPR Plurilingüe La Inmaculada	Marín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Matemáticas	1º ESO	4	140

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 4

3.1. Relación de unidades didácticas 5

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 6

4.1. Concrecións metodolóxicas 75

4.2. Materiais e recursos didácticos 76

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 77

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 77

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 79

6. Medidas de atención á diversidade 79

7.1. Concreción dos elementos transversais 80

7.2. Actividades complementarias 82

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 83

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 83

9. Outros apartados 85

1. Introdución

Esta programación didáctica está pensada para a materia de matemáticas do 3º curso da ESO. Para a súa elaboración tívose como referencia o seguinte marco lexislativo:

- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE).
- Real Decreto 217/2022, de 29 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Secundaria Obligatoria.
- DECRETO 156/2022, de 15 de septiembre, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia
- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia
- ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia

Características xerais do centro e do alumnado
O CPRL Plurilingüe La Inmaculada de Marín está localizado no centro urbano de Marín. A maioría dos estudantes viven en zonas próximas polo que non é preciso o uso de trasporte escolar. O Centro escolariza alumnado de tres etapas educativas: infantil, primaria e secundaria. A lingua preferente do alumnado é o castelán.
CONTEXTUALIZACIÓN 1º ESO-A
A presente programación está dirixida ao alumnado de 1º ESO-A. Atopámonos nun aula de 23 alumnos, dos cales catorce son mulleres e nove son homes.
En canto o análise dos resultados do curso anterior todos promocionaron acadando os obxectivos excepto dous nenos e unha nena que non acadaron os obxectivos da lingua estranxeira, inglés e un neno e unha nena que non acadaron os obxectivos en ciencias sociais.
Hai dúas rapazas e dous rapaces exentos da segunda lingua estranxeira, francés.
O profesorado que imparte docencia neste curso é:
Dpto. de ciencias: José M. Rivadulla Pereira e José Blanco Barros.
Dpto. de linguas: Begoña Diz Magariños, Mª del Carmen Fernández Villar, Ana I. González Entenza e Mª Reyes Rosales Aldao.
Dpto. artística: Ana Mª Acuña, Elena F. Sobral e Javier Medrano.
Dpto. relixión: Roberto Briz.
Outros aspectos relevantes:
Deste alumnado cinco precisan reforzo educativo no seu proceso de aprendizaxe por circunstancias diversas: un rapaz con trastorno do espectro autista (TEA) e trastorno específico da linguaxe (TEL), unha rapaza e un rapaz cond dificultades de aprendizaxe nas linguas, unha rapaza con dificultades de comprensión e razonamento e procesamento lento.
Hai un alumno con situación familiar desfavorecida e unha alumna en acollida, tamén por situación familiar desfavorecida.
CONTEXTUALIZACIÓN 1º ESO-B Atopámonos nun aula de 24 alumnos, dos cales catorce son mulleres e dez son homes.
En canto o análise dos resultados do curso anterior todos promocionaron acadando os obxectivos excepto tres rapazas e un rapaz que non acadaron os obxectivos de ciencias sociais e un rapaz que non acadou os obxectivos de lingua galega.
Hai unha rapaza e tres rapaces exentos da segunda lingua estranxeira, francés.
O profesorado que imparte docencia neste curso é:
Dpto. de ciencias: María del Mar López Fariña e Narciso Valle Campos.
Dpto. de linguas: Begoña Diz Magariños, Mª del Carmen Fernández Villar, Ana I. González Entenza e Mª Reyes Rosales Aldao.
Dpto. artística: Ana Mª Acuña, Elena F. Sobral e Javier Medrano.
Dpto. relixión: Roberto Briz.
Outros aspectos relevantes:
Deste alumnado cinco precisan reforzo educativo no seu proceso de aprendizaxe por circunstancias diversas: dous rapaces con trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), un rapaz con dificultades de aprendizaxe nas

linguas, unha rapaza con trastorno por déficit de atención (TDA) e dislexia.
Hai unha alumna con dislexia e discalculia que necesita seguir o protocolo da Xunta.
Hai unha alumna no plan de alerta escolar por diabetes.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar, modelizar e resolver problemas da vida cotiá e propios das matemáticas aplicando diferentes estratexias e formas de razoamento para explorar distintas maneiras de proceder e obter posibles solucións.			1-2-3-4	2	5		3	4
OBX2 - Analizar as solucións dun problema usando diferentes técnicas e ferramentas e avaliando as respostas obtidas para verificar a súa validez e idoneidade desde un punto de vista matemático e a súa repercusión global.			1-2	2	4	3	3	
OBX3 - Formular e comprobar conxecturas sinxelas ou expor problemas de forma autónoma, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación para xerar novos coñecementos.	1		1-2	1-2-5			3	
OBX4 - Utilizar os principios do pensamento computacional organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, interpretando, modificando e creando algoritmos para modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz.			1-2-3	2-3-5			3	
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos interconectando conceptos e procedementos para desenvolver unha visión das matemáticas como un todo integrado.			1-3	2-3				1
OBX6 - Identificar as matemáticas implicadas noutras materias e en situacións reais susceptibles de ser abordadas en termos matemáticos, interrelacionando conceptos e procedementos para aplicalos en situacións diversas.			1-2	3-5		4	2-3	1
OBX7 - Representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos, información e resultados matemáticos usando diferentes tecnoloxías, para visualizar ideas e estruturar procesos matemáticos.			3	1-2-5			3	4
OBX8 - Comunicar de forma individual e colectiva conceptos, procedementos e argumentos matemáticos usando unha linguaxe oral, escrita ou gráfica e utilizando a terminoloxía matemática apropiada, para lles dar significado e coherencia ás ideas matemáticas.	1-3	1	2-4	2-3			3	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Desenvolver destrezas persoais identificando e xestionando emocións, poñendo en práctica estratexias de aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ante situacións de incerteza para mellorar a perseveranza na consecución de obxec			5		1-4-5		2	3
OBX10 - Desenvolver destrezas sociais recoñecendo e respectando as emocións e as experiencias dos demais, participando activa e reflexivamente en proxectos en equipos heteroxéneos con roles asignados para construír unha identidade positiva como estudante de matem	5	3	3		1-3	2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os números naturais		3	4	X		
2	Os números enteiros		3	5	X		
3	Os múltiplos e os divisores		4	5	X		
4	Os números primos		4	5	X		
5	O m.c.m e o M.C.D		4	5	X		
6	As fraccións		4	5	X		
7	As operacións con fraccións		3	5	X		
8	Os números decimais		4	5	X		
9	As operacións combinadas		3	5	X		
10	As porcentaxes		4	5	X		
11	A razón e a proporción		3	5	X		
12	As unidades monetarias		3	4	X		
13	A circunferencia		3	4		X	
14	O área e o perímetro das		4	5		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
14	figuras planas		4	5		X	
15	Introducción á xeometría e as escalas		4	5		X	
16	Perpendicularidade, paralelismo e os ángulos		3	4		X	
17	A mediatriz e a bisectriz		3	5		X	
18	Os polígonos regulares e irregulares		4	4		X	
19	A clasificación dos triángulos e os cuadriláteros		3	5		X	
20	As transformacións xeométricas		3	5		X	
21	Introducción a linguaxe alxebraico		4	5		X	
22	As coordenadas cartesianas e introducción as funcións		3	5		X	
23	Ampliación as funcións		3	5		X	
24	Ampliación as operacións con expresións alxebraicas		4	5		X	
25	A recollida e a organización de datos		3	5			X
26	Frecuencia absoluta, frecuencia relativa e creación de diagramas		4	5			X
27	A regra de Laplace		4	5			X
28	Ampliación a representación gráfica en excel		3	5			X
29	Ampliación os fenómenos aleatorios e deterministas		3	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os números naturais	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados para a súa resolución.	PE	60
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e as estratexias apropiadas.	Resolver problemas matemáticos aplicando as ferramentas e as estratexias apropiadas.		
CA1.3 - Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	Expor variantes dun problema.		
CA1.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas.		
CA1.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias.		
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.		
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	TI	40
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Mostrar unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada.		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Colaborar activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións.		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, favorecendo a inclusión, a escoita activa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Cálculo. - Utilización do cálculo para resolver problemas da vida cotiá adaptando a estratexia e o tipo de cálculo ao tamaño dos números. - Cantidade.

Contidos
- Identificación, comprensión e representación de cantidades con números enteiros. - Expresión de cantidades mediante números enteiros, fraccións, decimais e raíces cadradas exactas en contextos da vida cotiá coa precisión requirida. - Recoñecemento e aplicación de diferentes formas de representación de números naturais e enteiros, incluída a recta numérica. - Resolución de problemas en diferentes contextos, seleccionando a representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal ou fracción). - Sentido das operacións. - Aplicación de estratexias de cálculo mental para resolver operacións con números naturais, fraccións e decimais. - Identificación e aplicación das operacións con números enteiros, fraccionarios ou decimais útiles para resolver situacións contextualizadas. - Resolución de problemas contextualizados con operacións combinadas de números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, tendo en conta a xerarquía e aplicando as propiedades adecuadas para realizar os cálculos de maneira eficiente. - Relacións. - Utilización de factores, múltiplos e divisores. Factorización en números primos para resolver problemas, mediante estratexias e ferramentas diversas, incluído o uso da calculadora. - Comparación e ordenación de fraccións, decimais e porcentaxes de maneira eficiente. - Razoamento proporcional. - Comprensión e representación de razóns e proporcións en relacións cuantitativas. - Recoñecemento de magnitudes directamente proporcionais. Cálculo e significado da constante de proporcionalidade directa. - Comprensión e utilización de porcentaxes na resolución de problemas. - Crenzas, actitudes e emocións. - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas. - Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación. - Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe. - Traballo en equipo e toma de decisións. - Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático. - Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos. - Inclusión, respecto e diversidade. - Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. - Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

UD	Título da UD	Duración
2	Os números enteiros	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados para a súa resolución.	PE	60
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e as estratexias apropiadas.	Resolver problemas matemáticos aplicando as ferramentas e as estratexias apropiadas.		
CA1.3 - Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	Expor variantes dun problema.		
CA1.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas.		
CA1.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias.		
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.		
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	TI	40
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Mostrar unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada.		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Colaborar activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións.		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, favorecendo a inclusión, a escoita activa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Cálculo. - Utilización do cálculo para resolver problemas da vida cotiá adaptando a estratexia e o tipo de cálculo ao tamaño dos números. - Cantidade. - Identificación, comprensión e representación de cantidades con números enteiros. - Expresión de cantidades mediante números enteiros, fraccións, decimais e raíces cadradas exactas en contextos da vida cotiá coa precisión requirida. - Recoñecemento e aplicación de diferentes formas de representación de números naturais e enteiros, incluída a recta numérica. - Resolución de problemas en diferentes contextos, seleccionando a representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal ou fracción). - Sentido das operacións. - Aplicación de estratexias de cálculo mental para resolver operacións con números naturais, fraccións e decimais. - Identificación e aplicación das operacións con números enteiros, fraccionarios ou decimais útiles para resolver situacións contextualizadas. - Resolución de problemas contextualizados con operacións combinadas de números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, tendo en conta a xerarquía e aplicando as propiedades adecuadas para realizar os cálculos de maneira eficiente. - Relacións. - Utilización de factores, múltiplos e divisores. Factorización en números primos para resolver problemas, mediante estratexias e ferramentas diversas, incluído o uso da calculadora. - Comparación e ordenación de fraccións, decimais e porcentaxes de maneira eficiente. - Razoamento proporcional. - Comprensión e representación de razóns e proporcións en relacións cuantitativas. - Recoñecemento de magnitudes directamente proporcionais. Cálculo e significado da constante de proporcionalidade directa. - Comprensión e utilización de porcentaxes na resolución de problemas. - Crenzas, actitudes e emocións. - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas. - Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación. - Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe. - Traballo en equipo e toma de decisións. - Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático. - Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos. - Inclusión, respecto e diversidade. - Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.

Contidos
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Identifica na cultura europea actual algún trazo da civilización grega		
CA3.6 - Argumentar e intervir sobre a igualdade real de homes e mulleres actuando en contra de calquera actitude e comportamento discriminatorio por razón de xénero.	interpreta de forma crítica o papel da muller na sociedade grega		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización. - Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo. - As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión.

Contidos
- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder. - As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade. - Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural. - España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.

UD	Título da UD	Duración
10	Roma	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando.	Reconoce a organización da sociedade, relixiosa, económica e política de Roma	PE	50
CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal.	Describe e identifica as características básicas da civilización romana		
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Entende a influencia de Roma na conformación da identidade europea		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	¿ Presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros formatos.	TI	50
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Utiliza de maneira correcta o vocabulario adquirido sobre a civilización romana		
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	¿ Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade.		
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	¿ Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade.		
CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	¿ Localizar e analizar de forma crítica fontes fiables para obter informacións como probas históricas.		
CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Responde preguntas sobre textos históricos		
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Atopa na súa contorna pegadas da civilización romana		
CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	¿ Presentar adecuadamente a información a través de diversas formas de representación.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Coñece e interpreta críticamente a situación das mulleres e dos escravos en Roma		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.

Contidos
- Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo. - As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder. - As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade. - Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural. - España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público.

UD	Título da UD	Duración
11	Os pobos bárbaros	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Identifica as pegadas do Reino Suevo	PE	40
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	¿ Presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros formatos.	TI	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Responde preguntas sobre fontes históricas directas		
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	¿ Valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan á sociedade.		
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	¿ Valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan á sociedade.		
CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	¿ Mostrar actitudes de escoita activa en procedementos comunicativos, comprobando a súa fiabilidade.		
CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	¿ Presentar adecuadamente a información a través de diversas formas de representación.		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Analiza criticamente o concepto de bárbaro		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.
- Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.
- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.
- Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras.
- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.
- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión.
- As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea.
- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.

Contidos
- España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.

UD	Título da UD	Duración
12	As expresións artísticas na Antigüidade	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	É quen de identificar as características básicas de obras clave propostas	PE	60
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	¿ Presentar adecuadamente a información a través de diversas formas de representación.	TI	40
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Analiza a relación entre arte e civilización		
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Recoñece o valor patrimonial da arte conservada e a importancia da súa conservación		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.

Contidos
- As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea. - Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural. - España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. - Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. - Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación metodolóxica no proceso de ensino e aprendizaxe da materia de Xeografía e Historia que permitan o logro dos obxectivos e unha adecuada adquisición das competencias poden xirar sobre as seguintes propostas.
Trátase de que o alumnado adquira o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo permitindo relacionalos entre si e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente.
A organización dos saberes de xeografía e historia, a súa programación e secuenciación poden abordarse desde unha perspectiva cronolóxica ou máis transversal, en función dos obxectivos didácticos e as situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudo comparado. Para iso, pódense priorizar contidos e ir ao esencial para poder traballalos dun xeito operativo, práctico e comprensible.
O papel estrutural dos procesos e contidos diversos, que incorpora campos temáticos, recursos e procedementos de diferentes áreas de coñecemento, confire a esta materia un papel central á hora de establecer estratexias interdisciplinares como o traballo por proxectos incluso ao longo dos catro cursos da etapa, isto permitirá que o alumnado perciba a aprendizaxe dende unha perspectiva conxunta, relacional e global evitando unha visión compartimentada das materias.
O interese aumentará ao ver a aplicación das aprendizaxes, polo tanto, é conveniente contextualizalas e conectalas cos problemas actuais e retos do presente, dende unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, xa que facilita dotar aos contidos de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado e permite crear escenarios diversos nos que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais para ir propiciando que vaian participando e comprometéndose coa contorna e a comunidade.
O desenvolvemento das competencias son o eixe vertebrador da didáctica docente, por tal motivo, o enfoque metodolóxico das clases debe ser eminentemente práctico e activo poñendo ao alumnado no reto de resolver as tarefas que se lle propoñen seguindo a máxima de que se aprende facendo. Unha vantaxe da Xeografía e Historia é que o alumando adoita a ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitalas para favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe actuando o profesorado de guía e propiciador do progreso dos saberes.
Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxes, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. Isto favorecerá a motivación e a participación activa do alumnado e detectar os progresos individuais e grupais sen fixarse só nos resultados. En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Diversificar metodoloxías, ademais de romper coa rutina, vai axudar a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar as dificultades de aprendizaxe que aparezan e, se fora o caso, poñer en práctica os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...)
Tamén é conveniente o uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.
Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Poden

propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interactuación entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos.
O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas.... facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.
Así pois, a innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as habilidades, destrezas e intereses.

Podemos dicir que o foco vaise poñer nos seguintes aspectos:

I. Educación integral orientada a formar persoas¿
-Indagadoras e analíticas.
-Informadas e cultas.
-Reflexivas e críticas.
-Boas comunicadoras.
-Colaboradoras e participativas.
-Comprometidas e éticas.
-Creativas.
-Respectuosas e con mentalidade aberta.

II Desenvolvemento sostible desde o punto de vista ambiental e social:
-Para educar cidadáns globais, persoas comprometidas consigo mesmas, cos demais e co planeta.
-Todos os elementos débense orientar a que o alumnado reflexione sobre os retos do século XXI e deben contribuír á construción dun mundo mellor.

III. Proxecto conectado coa realidade que promove a aprendizaxe competencial. Para iso, cada unidade didáctica organízase ao redor dunha situación de aprendizaxe, unha experiencia de aprendizaxe (problema, tema, reto¿) motivadora, real e próxima ao alumnado. As unidades seguen unha ruta didáctico en catro fases:
-Espertar a curiosidade do alumno e tomar conciencia da situación-problema.
-Aprendizaxe orientada cara aos contidos necesarios e o desenvolvemento das habilidades de pensamento.
-Aplicación do aprendido en tarefas complexas, con forte sentido competencial e actitudinal.
-Consolidación, valoración do aprendido e personalización.

IV. Aprendizaxe personalizada mediante a flexibilización de adaptacións para que responda á diversidade de realidades educativas.

V. Avaliación formativa para avaliar todas as fases do proceso educativo, cunha gran diversidade de instrumentos, incluíndo a participación do propio estudante.

VI. Ensino dixital para desenvolver a competencia dixital do alumnado e tamén como ferramenta de ensino e aprendizaxe.

VII. Enfoque multidisciplinar e, aínda que cada área ten sentido propio, propóñense un gran número de dinámicas interdisciplinares que contribúen a unha aprendizaxe profunda e que permiten interrelacionar saberes e fortalecer as aprendizaxes das áreas instrumentais.

VIII. Integración de novos saberes:
-Alfabetización informacional.
-Competencias STEAM

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Apuntamentos e fichas do docente
Aula Virtual
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado
Novelas históricas, novelas gráficas, comics
Prensa

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.
O libro de texto é un importante apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non debe determinar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso. Ademais do libro de texto empregarase material complementario, incluso elaborado polo docente, que se acomode ás oportunidades que se presenten na aula. Así mesmo, o docente pode dispor do seu propio blog didáctico a través do cal pode facer propostas de traballo (visualizar vídeos, realizar actividades interactivas...) que enriquezan a didáctica.
O alumnado requerirá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e boa presentación. Dito caderno ou cartafol será unha mostra máis do traballo do alumno e do seu progreso.
Logo están os recursos que se ofrecen a través da Aula Virtual que poden realizarse e entregarse a través da plataforma. Así mesmo a Aula Virtual permite ao docente deseñar diferentes tipos de tarefas avaliables, e comunicarse co alumnado.
As novelas históricas adoitan ser atractivas para recrear feitos históricos e poden lerse na súa totalidade ou algún capítulo destacable.
Pode dispoñerse de Xogos de mesa de feitos históricos para ser empregados nalgunha ocasión.
En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa finalidade de diversificar non só a metodoloxía didáctica senón tamén a aprendizaxe individual.
Hoxe en día o manexo das TIC son necesarias pois ofrecen moitas vantaxes pero o docente será selectivo no seu emprego e transmitirá ao alumnado a necesidade do uso responsable.

Os antes mencionados fan referencia ao material do alumnado; agora pasamos a engadir o material específico do profesorado:
PDA. Programación didáctica da aula, axustada aos requirimentos da LOMLOE.
Biblioteca do profesorado
Solucionario.
Recursos didácticos (reforzo e apoio, ampliación e enriquecemento, avaliación, autoavaliación e solucionario das avaliacións).
App de avaliación.
Máis recursos: As Ciencias Sociais no cinema; Ciencias Sociais para a paz; Lecturas de Xeografía e Historia.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Os recursos para levar a cabo a avaliación inicial aplicaranse en dúas vías:
Do grupo da clase
Intercambio de información entre equipos docentes sobre o grupo en xeral. Abordaranse todas as peculiaridades do grupo, as interaccións que se producen nel e as dinámicas que funcionaron ben ao longo do tempo. Tamén se incorporarán datos relativos a alumnos con necesidades especiais, discapacidades ou dificultades de aprendizaxe.
Formulación de dinámicas de grupo para detectar como se relaciona o alumnado entre si e co profesorado. Este punto realizarase mediante a observación directa.
De cada alumno en particular
Observación directa do seu traballo e da interacción cos outros.
Entrevistas.
Autoavaliación.
Rutinas de pensamento.
Cuestionarios de avaliación inicial.
Probas de avaliación inicial.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	**UD 1**	**UD 2**	**UD 3**	**UD 4**	**UD 5**	**UD 6**	**UD 7**	**UD 8**	**UD 9**	**UD 10**
Peso UD/ Tipo Ins.	**5**	**10**	**5**	**5**	**10**	**10**	**10**	**10**	**10**	**15**
Proba escrita	75	40	55	60	65	65	50	40	50	50
Táboa de indicadores	25	60	45	40	35	35	50	60	50	50

Unidade didáctica	**UD 11**	**UD 12**	**Total**
Peso UD/ Tipo Ins.	**5**	**5**	**100**
Proba escrita	40	60	**53**
Táboa de indicadores	60	40	**47**

Criterios de cualificación:

Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación resultando que as probas escritas é do 60% e o das táboas de indicadores un 40%.

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser de desenvolver, curtas ou tipo test; de relacionar conceptos; de identificar e comentar imaxes; de definir termos; etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consecuencia cuns criterios obxectivos que o docente debe ter previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.
A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado

que poden ser traballos escritos; informes e redaccións; presentacións en ordenador; cadernos e cartafol; resumos; pósters; exposicións orais, etc. Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa entre as que figurará unha que recolla a actitude e implicación do/da alumno/a no traballo, deste xeito considérase o interese como aspecto a valorar. Para as rúbricas establécense os seguintes parámetros: excelente 10; ben 7; regular 5; moi regular 4, ... Valores cos que logo se extrae a media.
A nota da avaliación será o resultado de:
Nota avaliación= [(Media Ex. x 60)+ (Media rúbricas T.I.x40)] / 100.
Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.
A cualificación final de curso será o resultado de:

Nota final= [(Nota 1ª aval.ou da recuperación se fose superior) + (Nota 2ª aval. ou da recuperación se fose superior) + (Nota 3ª aval. ou da recuperación se fose superior)] / 3.
Se o resultado final non chega a un 5 o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos contidos da/s avaliación/s suspensas. Consistirá nun exame final no que se examinarán os criterios de avaliación non superados. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

Criterios de recuperación:

Co alumnado que non aprobe as avaliacións levarase a cabo un plan de recuperación que consistirá na elaboración dunhas fichas de reforzo con diferentes propostas de tarefas competenciais sobre os temas traballados nas unidades da avaliación xunto coa preparación dunha serie de preguntas exame sobre ditos contidos. O docente titorizará este traballo para resolver dúbidas ou/e corrixir aqueles aspectos que sexan precisos.

En xuño, farase unha proba escrita de recuperación por trimestre sobre as preguntas propostas polo docente e que foron previamente traballadas polo/a alumno/a que se cualificará nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor). En relación á parte práctica este deberá ser entregado no prazo indicado e será puntuado seguindo as rúbricas: excelente 10; ben 7; regular 5; moi regular ou inadecuado 4, calculando logo a media.

Para calcular a nota da recuperación considerarase o 50% das probas escritas e o 50% dos traballos e será o resultado de:

Nota recuperación da avaliación non superada= [(Nota Ex.+ Media rúbricas T.I.)] /2.

Levarase a cabo un redondeo da cualificación e este será á alza cando o decimal é 5 ou superior a 5 ou á baixa cando o decimal sexa menor de 5. A avaliación considerarase aprobada cando se obtén 5/10 ou máis.

Concretamos que a construción da nota da avaliación a recuperar establécese cos instrumentos da recuperación.

Todo o traballo será titorizado polo docente e este estará en disposición de realizar as aclaracións e correccións que sexan pertinentes para promover unha recuperación positiva.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente será convocado ao inicio do curso para explicarlle o plan de recuperación. Este consistirá na elaboración dun cartafol de traballo baseado en tarefas a través das cales se traballan as competencias básicas. Ademais disto vai ter que realizar exames escritos sobre as preguntas que se lle proporcionaron xunto co cartafol.

O alumno/a será titorizado regularmente, o que permitirá facer un seguimento do seu traballo e aclarar as dúbidas que se lle presenten.

A entrega do cartafol de traballo e a realización do exame será por trimestre.

En virtude de todo isto a cualificación suporá:
50% da nota acadada no exame escrito sobre as preguntas que se lle entregaron e que previamente tivo que

preparar.
50% da nota acadada polo traballo realizado cuxa cualificación está determinada polas rúbricas específicas, resultando a media de todas elas.

Polo tanto a nota é o resultado de:

Nota trimestral da materia pendente= (Nota Ex. + Nota Traballo) /2.

No caso de que o/a alumno/a non aprobase o exame realizaríaselle, cando se indicase, unha recuperación consistente nunha proba escrita en base ás preguntas preparadas e puntuada nunha escala de 1 a 10 non tendo que presentar o traballo se este xa foi entregado e valorado positivamente, en caso contrario, si debe corrixilo e entregalo de novo.

Para a nota final de curso sería o resultado de:

Nota final de curso: (Nota 1ª Av. + Nota 2ª Av.+ Nota 3ª Av.) / 3.

No tocante á atención á diversidade, segundo o artigo 51º da Orde do 8 setembro 2021, establécese un plan de reforzo que será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte dos estudantes receptores.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis:

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerllo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotívase máis.

Ao alumnado de altas capacidades proporcionaránselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

Plantexaranse medidas de reforzo tanto para o alumnado avantaxado como para o que teña dificultades, de acordo coas súas necesidades concretas. En función destas, adaptaremos a metodoloxía (traballo cooperativo, reforzo individual...) de forma que o docente poida atender a ritmos, capacidades e niveis diferentes, favorecendo así que o alumnado acade un nivel mínimo nas súas capacidades lingüísticas e sociais. O material a empregar pode ser unha adaptación do libro de texto seleccionando contidos e tarefas ou un caderno de traballo cos contidos adaptados elaborado polo docente co asesoramento do Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social			X					
ET.2 - Educación ambiental	X	X	X	X	X			
ET.3 - Educación para a igualdade						X	X	X
ET.4 - Emprendemento					X			

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita							X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible	X	X	X	X	X			
ET.7 - Educación para a paz						X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor		X	X	X	X			

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social				
ET.2 - Educación ambiental				
ET.3 - Educación para a igualdade	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento				
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible				
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor				

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.
Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.
O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.
O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.
Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións e museos	complementaria	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a charlas	complementaria		X	
Excursións de interese didáctico	complementaria		X	
Roteiros didácticos	complementaria	X		
Proxección de cine	complementaria	X	X	X
Asistencia a representacóns teatrais	complementaria			X

Observacións:
Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.
Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real .
A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.
Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.
-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.
-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Demostra coñecemento da materia
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Cumpriu co horario de clase
Valoración xeral da materia
Os obxectivos didácticos están ben formulados
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
A temporalización foi adecuada
Realizouse a avaliación inicial
Os criterios de cualificación foron axustados

Metodoloxía empregada
Emprega variedade de recursos
Resolve dúbidas
É innovador/a
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Planifica leccións, ensina e avalía
Ofrece oportunidades de recuperación
É ordenado nas explicacións
Revisa a realización das tarefas propostas
Sabe dirixir as clases
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros
Os contidos e activiades relacionáronse cos intereses do alumnado
As actividades foron variadas e motivadoras
Medidas de atención á diversidade
Avalía e xulga enfunción dos criterios da programación
Explica con claridade
Valora o esforzo
Clima de traballo na aula
Crea ambiente de aprendizaxe
Outros
Motiva ao alumnado

Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.
Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal disponse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial,

instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e este realizarase por avaliación trimestral recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Todos estes datos xunto cos referidos a contidos, metodoloxía, avaliación, etc., serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerase nas actas do departamento.

Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para ver se efectivamente se están cumprindo.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

9. Outros apartados